

CPR PLURILINGÜE

LICEO LA PAZ

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



CURSO 2024-2025

INDICE

I. PRESENTACIÓN	4
II. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE E VALORES	7
1. A INSTITUCIÓN	7
2. METODOLOXÍA	7
III. OBXECTIVOS	10
1. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS	10
2. OBXECTIVOS EDUCATIVOS	10
3. OBXECTIVOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	11
IV. DA PRÁCTICA DOCENTE	12
1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	12
2. ASPECTOS DESTACABLES PARA EDUCACIÓN INFANTIL	12
3. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.	13
V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	16
1. ÓRGANOS	16
1.1. Os directores titulares	16
1.2. Órganos de goberno unipersoais	16
1.3. Órganos de goberno colectivos	16
1.4. Órganos de coordinación docente	16
2. SERVIZOS	17
2.1. Servizo de información escolar	17
2.2. Servizo de Orientación Escolar	17
2.3. Gabinete e Servizo Médico Escolar	17
2.4. Servizo de Biblioteca	18
2.5. Servizo de Media Pensión	18
2.6. Servizo de Almorzo	18
2.7. Transporte escolar	18
VI. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	19
1. DEREITOS E DEBERES	19
1.1. Do persoal docente	19
1.2. Dos alumnos e alumnas	22
1.3. Das familias	26
1.4. Do persoal non docente	27

2. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCION	28
2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	28
2.2. Condutas leves contrarias á convivencia.	29
2.3. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.	30
2.4. Medidas correctoras	30
2.5. Procedemento para a imposición das medidas correctoras	33
 VII. FUNCIONAMENTO DOS DIVERSOS ÓRGANOS DO CENTRO	 37
1. O EQUIPO DIRECTIVO	37
2. O CONSELLO ESCOLAR	37
3. O CLAUSTRO DE PROFESORES	37
4. OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS	37
5. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	38
6. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)	39
7. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	43
8. PLAN DE CONVIVENCIA	50
9. A COMISIÓN PEDAGÓXICA	62
10. O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	62
11. TITORES	63
12. DELEGADOS DE CURSO E AULA	63
13. NORMAS DE FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA	64
14. COMISIÓN DE DISCIPLINA	71
 VIII. PROXECTO LINGÜÍSTICO	 73
 IX. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN)	 97
 X. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO	 101

I. PRESENTACIÓN

O Centro Plurilingüe Liceo La Paz é un colexio privado concertado homologado, con domicilio en A Coruña, R/ Sebastián Martínez Risco, núm. 10, teléfonos: (981) 286122 e 286299, fax (981) 134642, CP.15009.Figura inscrito no Rexistro Oficial de Centros Docentes co número 15004265.

Está situado nunha zona en expansión da cidade, polo que foi evolucionando e ampliando as súas instalacións ó longo do tempo.

Comezou a súa andaina educativa no curso escolar 1967/68. Pódese dicir que ten xa unha experiencia no campo educativo avalada por un mantemento do profesorado e un aumento progresivo do número de alumnos cos que conta, xa que na actualidade se supera o número de dous mil.

NIVEIS EDUCATIVOS AUTORIZADOS

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato en todas as súas modalidades
- Ciclos Formativos de **Grao Medio**: Coidados Auxiliares de Enfermaría, Emerxencias Sanitarias, Xestión Administrativa, Sistemas Microinformáticos e redes , Farmacia e Parafarmacia, Atención a persoas en situación de dependencia e Guía no Medio Natural
- Ciclos Formativos de **Grao Superior**: Ensinaza e Animación Sociodeportiva, Acondicionamento Físico, Administración e Finanzas, Administración de Sistemas Informáticos en rede, Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, Desenvolvemento de Aplicacións Web, Documentación Sanitaria, Dietética e Nutrición, Imaxe para o Diagnóstico, Educación Infantil e Transporte e Loxística.
- Ciclos Formativos modalidade **a Distancia**: Administración e Finanzas, Administración de Sistemas Informáticos, Desenvolvemento de

Aplicacións Multiplataforma, Sistemas Microinformáticos e Redes, Transporte e Loxística, Educación Infantil, Xestión Administrativa.

- Centro Autorizado de Música Profesional.
- Centro Autorizado de Danza
- Centro Autorizado de Ensinanzas Superiores de Deseño de interiores, Deseño Gráfico e Deseño de Moda.

INSTALACIÓNS

O Centro consta dunhas instalacións totalmente modernizadas e equipadas nas que o alumno pode desenvolver todo o seu proceso educativo.

Contamos con:

- Laboratorios de:
 - Ciencias Naturais
 - Física
 - Química
 - Tecnoloxía
 - Idiomas
- Aulas de Informática
- Aulas de Música
- Aulas de Danza
- Dúas salas de medios audiovisuais
- Biblioteca
- Salón de actos con capacidade para 250 persoas e outro de 150 persoas
- Sala de Xuntas
- Cinco salas de profesores

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Pavillón polideportivo
- Pavillón infantil

- Piscina climatizada
- Dous ximnasios cubertos
- Sala de ballet
- Campos de deportes cubertos de:
 - Balonmán-Futbito
 - Hockey-Patinaxe
- Campos de deportes descubertos:
 - Dous de Baloncesto
 - Voleibol

RÉXIME DO ALUMNADO

- Externo
- Media pensión
- Residencia

II. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE E VALORES

A nosa tarefa educativa fundaméntase nos seguintes principios:

- O dereito que ten toda persoa á educación e capacitación para acadar o seu desenvolvemento xeral.
- O recoñecemento da dignidade e liberdade do ser humano.

1. A INSTITUCIÓN

O Centro Liceo La Paz non fai discriminación entre os seus alumnos por motivos de ideoloxías políticas ou relixiosas, en tanto en canto estes respecten os principios filosóficos e pedagóxicos do Centro e se absteñan de expoñer, fomentar e actuar, directa ou indirectamente, contra o sistema educativo colexial.

Constitúe unha Comunidade Escolar na que cada elemento (Entidade Titular, Dirección, Profesores, Pais de Alumnos, Alumnos e Persoal non Docente) aceptan corresponsablemente o PEC.

Ten por fundamento ser unha institución presidida por adecuados principios pedagóxicos que se propoñen servir á xuventude garantindo os medios de aprendizaxe máis eficaces, ao tempo que, polo exercicio de virtudes sociais, se forma vigorosamente a personalidade dos alumnos.

Á marxe de toda ideoloxía política, o Centro Liceo "La Paz", estimulará nos seus alumnos o amor á xustiza, á liberdade e á defensa dos Dereitos Humanos.

2. METODOLOXÍA

2.1. Xustificación:

Ser competente non é só ser hábil na execución de tarefas e actividades concretas (escolares ou non, tal como foron ensinadas), senón máis alá diso; ser capaz de afrontar (a partir das habilidades adquiridas) novas tarefas ou retos que supoñan ir máis alá do aprendido para transferilo a novas situacións e contextos.

Demostrar competencia nun determinado ámbito leva consigo resolver problemas de certa complexidade encadeando unha serie de estratexias de xeito coordinado.

Ser competente lendo, falando e escribindo debería significar que esa persoa pode resolver problemas complexos a través desas condutas, non só da súa vida cotiá; senón tamén fronte a novos desafíos.

O anexo I do Decreto 156/2022, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na C.A. de Galicia, define competencias clave como “desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais”.

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. Son aquelas competencias que debe desenvolver o alumno/a ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de modo satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

As competencias clave para a aprendizaxe permanente proceden da Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, que se vinculan cos principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado e ante os que necesitará desenvolver esas competencias clave. A vinculación entre as competencias clave e os retos do século XXI fai que os contidos do currículo sexan imprescindibles para que o alumnado entenda o que ocorre ao seu arredor e poida valorar criticamente a situación e responder adecuadamente. As competencias clave non supoñen so uns coñecementos a adquirir, se non que engaden unha exixencia de actuación, que conecta co enfoque competencial do currículo: a meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilíalos para solucionar necesidades presentes na realidade.

Cada materia do currículo colaborará a adquirir os obxectivos educativos e a adquisición das competencias clave, non existindo unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias.

É por iso que, o desenvolvemento de cada materia debe complementarse con medidas organizativas e funcionais que orienten á consecución das competencias clave como a organización na aula e no Centro, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, a organización da biblioteca escolar, a alfabetización dixital, etc.

No marco da proposta realizada polo Consello da Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.

- Competencia plurilingüe
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender
- Competencia cidadá
- Competencia emprendedora
- Competencia en conciencia e expresión culturais

2.2. Liña metodolóxica:

Para acadar os nosos obxectivos utilizaremos a metodoloxía seguinte:

- A nosa ensinanza vai encamiñada a educar aos nosos alumnos para que adquiren e practiquen as virtudes humanas e poidan fomentar os valores individuais, sociais e transcendentais derivados diso.
- Levamos unha liña de traballo pedagóxica coordinada desde os primeiros niveis de Educación Infantil ata a finalización dos seus estudos tanto a nivel de ciclos como de materias.
- Pretendemos formar aos nosos alumnos na tolerancia, responsabilidade e educación dentro e fóra do Centro. Baseámonos no diálogo e na experiencia coa intención de conseguir persoas libres e independentes.
- Consideramos importante a orde, a disciplina e o respecto polas normas, que son necesarias para a vida e que non deben ser consideradas como unha rutina.
- Pretendemos unha profunda comunicación entre familias, profesor, alumno e titor, xa que existen moitos factores, familiares e persoais, que afectan ao alumno e interfíren no seu proceso educativo, co fin de axudar ao alumno a mellorar os seus resultados.

III. OBXECTIVOS

1. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS

- Educar integralmente a todos os nosos alumnos para que adquiran e practiquen as virtudes humanas e poidan fomentar os valores individuais, sociais e transcendentais derivados de todo isto.
- Conseguir a total colaboración entre familias e profesores para un mellor coñecemento do alumno, que facilite o maior desenvolvemento das facultades deste.
- Lograr que os alumnos adquiran e perfeccionen hábitos de estudo, reflexión, orde, limpeza, puntualidade, compañeirismo, autodominio, traballo en equipo, aproveitamento do tempo de lecer, etc. para que no transcurso da súa vida consigan os obxectivos propostos, con maior éxito e menor esforzo.
- Fomentar as actividades físico-deportivas, para un desenvolvemento harmónico de todas as facultades do alumno.
- Conseguir que os alumnos perfeccionen, mediante actividades adecuadas, as súas facultades de observación e investigación e adquiran con todo iso un espírito crítico que os capacite para a busca da verdade.
- Tratar de que o alumno ame, respecte e mellore o medio no que vive, considerándoo como unha necesidade vital para o desenvolvemento da súa propia identidade.
- Responsabilizar ao alumno dos seus deberes e dereitos en orde a crear e vivir nun ambiente de maior liberdade, sinceridade e xustiza, de acordo coa nosa Constitución e os Dereitos Humanos.

2. OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- Procurar que cada alumno asuma a súas responsabilidades, tanto a nivel persoal como en relación á sociedade e o seu entorno.
- Mellorar a capacidade de comprensión verbal dos alumnos, fomentar a lectura e a expresión escrita.

- Fomentar o estudo utilizando distintas técnicas de traballo.
- Desenvolver unha acción tutorial e orientadora que teña en conta o tratamento á diversidade e á individualidade.
- Fomentar comportamentos de responsabilidade que contribúan á autonomía persoal e á mellora da autoestima.
- Espertar o interese no alumno polos seus propios obxectivos formativos de acordo coas súas capacidades.
- Mellorar a acción educativa en prol do galego.
- Desenvolver un PEC cunhas pautas de actuación do profesorado para unificar e mellorar os criterios educativos.

3. OBXECTIVOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Asegurar o cumprimento da legalidade vixente en canto ao uso da lingua galega no Centro.
- Promover ou reforzar, no seu caso, o uso do galego nas relacións entre o Centro e as Institucións.
- Promover ou reforzar, no seu caso, o uso do galego tanto nas relacións internas entre o persoal do centro nos distintos estamentos como nas relacións externas (con pais, alumnos, provedores).

IV. DA PRÁCTICA DOCENTE

1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os alumnos que non superen algunha materia promocionarán se compren os criterios específicos para elo.

Os alumnos promocionarán de forma automática nos seguintes casos:

- Todas as materias aprobadas o con avaliación negativa en unha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

2. ASPECTOS DESTACABLES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

En canto á organización dos tempos e os espazos, os horarios de Educación Infantil reflectiranse na Programación Xeral Anual e a selección de materias para o traballo dos cativos faise nas reunións mensuais do ciclo. As necesidades que se detectan reflíctense na acta de cada reunión.

3. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN
3. METODOLOXÍA, MATERIAS CURRICULARES E TEMPORALIZACIÓN
 - 3.1 Metodoloxía
 - 3.2 Innovación pedagóxica
 - 3.3 Materiais
 - 3.4 Secuencia e temporalización
4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
 - 4.1 Avaliación inicial
 - 4.2 Procedementos e avaliación
 - 4.3 Modelos de controis e exames
5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA
 - 5.1 Contidos
 - 5.2 Avaliación
6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
7. PROGRAMA DE REFORZO
8. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS
10. PRÁCTICA DOCENTE
 - 10.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - 10.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación
11. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

1. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
2. OBXECTIVOS
3. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS
4. METODOLOXÍA
5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
6. TEMPORALIZACIÓN
7. AVALIACIÓN
 - 7.1. Temporalización da avaliación
 - 7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - 7.3. Avaliación inicial
 - 7.4. Criterios de avaliación
 - 7.5. Modelo de exames
 - 7.6. Criterios de cualificación
 - 7.7. Outras cuestión relativas á avaliación.
8. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA.
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
10. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
12. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.
13. PRÁCTICA DOCENTE
 - 13.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - 13.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación
14. PROGRAMACIÓN DE AULA.

CICLOS FORMATIVOS

1. IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN
2. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO EN RELACIÓN COA SÚA ADECUACIÓN ÁS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUTIVO
3. RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS QUE A INTEGRAN, QUE CONTRIBUIRÁN AO DESENVOLVEMENTO DO MÓDULO PROFESIONAL, XUNTO COA SECUENCIA E O TEMPO ASIGNADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE CADA UNHA
4. UNIDADES DIDÁCTICAS
5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA E OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
6. PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS
7. PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E A AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ASPECTOS TRANSVERSAIS
 - 9.1. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES
 - 9.2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

V. ESTRUTURA ORGANIZATIVA

1. ÓRGANOS

As competencias e funcións dos órganos Unipersoais e Colexiados serán establecidas disposicións vixentes.

Todos os órganos Unipersoais e Colexiados, no marco das súas respectivas competencias, teñen o deber de contribuír á mellor calidade educativa.

1.1. Os directores titulares

Os Titulares do Centro Liceo La Paz asumen a última responsabilidade do Centro que lles compete en consonancia coas disposicións vixentes:

- Crear, xestionar, ampliar, reducir ou suprimir o Centro.
- Dereito a establecer un ideario educativo propio.
- Velar polo cumprimento das disposicións do Proxecto Educativo, Estatutos, Normas de Convivencia e demais disposicións vixentes no Centro.
- Asumir a responsabilidade do funcionamento do Centro.

1.2. Órganos de goberno unipersoais

Son Órganos Unipersoais: os Directores Xerais, o Director Técnico e Pedagógico, o Secretario, a Xefatura de Estudos, a Administradora e aqueles outros que se poidan crear para a boa marcha do Centro.

1.3. Órganos de goberno colectivos

Son órganos Colexiados: o Consello de Dirección, o Consello Escolar e o Claustro de Profesores de cada nivel educativo

1.4. Órganos de coordinación docente

1.4.1. Equipos de ciclo

Están formados polos docentes que imparten clase no ciclo correspondente e o equipo estará dirixido por un Coordinador de Ciclo.

1.4.2. Departamentos didácticos

Son órganos de participación docente propios da educación secundaria que se encargan de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das áreas, materias ou módulos profesionais correspondentes. Están compostos polos docentes que imparten o ensino das áreas, materias

ou módulos profesionais asignados ao departamento e se atopará encabezado polo Xefe do Departamento.

1.4.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes.

1.4.4. Equipo de normalización lingüística

O equipo de normalización lingüística constitúese para potenciar o uso da lingua galega.

1.4.5. Departamento de orientación.

2. SERVIZOS

2.1. Servizo de información escolar

Os titores e profesores son os encargados de facilitar toda a información que precisen as familias ou encargados sobre a situación académica dos seus fillos, mediante un horario de entrevistas, do que se envía relación ao inicio do curso escolar.

Tamén as familias ou encargados poden solicitar información á Xefatura de Estudos ou Dirección Técnica cando o precisen, nos horarios que se sinalen. Poden acadar toda a información que precisen da rede e a páxina do Centro (horarios, problemas de asistencia dos seus fillos, etc.).

O centro dispón dun servizo de comunicación cas familias, Alexia, que funciona dende o comezo do curso escolar e onde os profesores, persoal medio pensionista e monitores de actividades extraescolares poden comunicar calquera incidencia ou situación que precisen as familias.

2.2. Servizo de Orientación Escolar

Existe no Centro un Servizo de Orientación Escolar para guiar aos alumnos nos seus estudos e no uso das técnicas e os medios de aprendizaxe máis axeitados ás súas posibilidades e aspiracións.

Este Servizo facilitará a orientación vocacional dos alumnos ao termo de cada un dos ciclos do ensino en orde aos seus estudos anteriores.

Funcionará todos os días lectivos de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00.

2.3. Gabinete e Servizo Médico Escolar

Existe no Centro un Gabinete e Servizo Médico Escolar, atendido por un facultativo de luns a venres en horario de 9:00 a 15:00 pola mañá e de 15:00 a 18:00 pola tarde, realizando

tarefas de enfermería de urxencia, recoñecementos médicos e atendendo o estado físico-deportivo dos alumnos.

2.4. Servizo de Biblioteca

Na biblioteca esíxese o máximo silencio para non interferir no traballo dos compañeiros. A atención da biblioteca estará a cargo de profesores e monitores do centro, cunha dedicación semanal máis ou menos fixa, dentro das súas actividades escolares ou extraescolares.

2.5. Servizo de Media Pensión

Existe un servizo de comedor no que os alumnos de tódolos niveis toman o almorzo, a comida e a merenda.

Ó servizo acoden os alumnos/as de niveis concertados e non concertados, en varias quendas segundo as idades

Número de alumnos no comedor: 1300

2.6. Servizo de Almorzo

Existe un servizo de almorzo onde acoden os alumnos e alumnas de 7:30 a 8:45

Ó servizo acoden os alumnos/as de niveis concertados e non concertados.

2.7. Transporte escolar

O centro dispón de transporte escolar que funciona nos horarios de entrada e saída das clases. Cada ano a empresa que presta o servizo (Autos Rico) actualiza as liñas dispoñibles.

VI. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O regulamento de réxime interno regula o funcionamento do Centro e constitúe o instrumento que facilita e posibilita a consecución dos nosos fins e obxectivos.

1. DEREITOS E DEBERES

1.1. Do persoal docente

Todo o persoal, sen prexuízo da súa profesión, relixión e ideoloxía, está obrigado, no exercicio das súas actividades, a respectar o Proxecto Educativo do Centro. O profesorado está obrigado a impartir as súas ensinanzas dentro dos postulados establecidos no mesmo, as demandas da súa condición profesional, as inherentes á súa condición de educador e as derivadas da súa vinculación ao Departamento, nivel e ciclo ao que estea asignado e a seguir as instrucións que lle curse a Dirección Xeral, os Directores Técnicos ou Pedagóxicos e a Xefatura de Estudos. O presente apartado engadirase en todos os contratos de traballo.

Considerarase falta moi grave toda acción e omisión que implique incumprimento da obriga de respectar o Ideario Educativo e demais normas de Réxime Interno.

Segundo o **art. 8.1** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o profesorado ten **unha serie de dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica axeitada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Segundo o artigo 11 desta mesma lei considérase:

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ostenta a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa puidese sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando fose menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste apartado obriga á alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando a disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fose menor de idade, ou da propia alumna ou alumno. Se fose maior de 18 anos, unha vez rematada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que puidesen corresponder.

Segundo o **art. 8.2** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o profesorado ten **unha serie de deberes**:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención aos mesmos que lle impoña a normativa de aplicación.

e) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Os profesores son responsables da orde e disciplina dos alumnos dentro do Centro e do aproveitamento educativo dos escolares. A Dirección e o Departamento de Orientación prestarán aos profesores a asistencia necesaria en todo momento.

Disposicións complementarias do CPR Liceo La Paz:

- a) A orde, limpeza, coidado do material escolar e disciplina na aula é competencia e absoluta responsabilidade do profesor/a en cada unha das súas clases.
- b) profesor/a debe ter unha presentación persoal adecuada, acorde coa función educativa.
- c) Orientar e incentivar na súa educación e aprendizaxe aos alumnos que estean baixo a súa responsabilidade.
- d) Respetar ao alumno, pais, persoal directivo e persoal non docente do Centro.
- e) Cumprimentar cualificacións, informes, avaliacións e todo tipo de información pedagóxica que se lle requira pola Dirección ou Xefatura de Estudos, respectando estritamente as datas previstas de actividades do ano escolar, asistindo ás reunións de avaliación e cualificación.
- f) A puntualidade e o estrito cumprimento do horario fixado para o inicio e remate das clases.
- g) Asistir aos actos académicos que se organicen no Centro e colaborar no bo desenvolvemento dos mesmos.
- h) Empregar un vocabulario adecuado respectando a súa condición de educador.

- i) Ensinar os exames ou exercicios corrixidos ao alumno ou pai que o soliciten, en horas que non comprometan a asistencia do alumno ás súas outras clases.
- j) Aceptar os cargos académicos docentes e de investigación para os que fora designado, e o réxime de dedicación que esixa o servizo.

Outros compromisos dos profesores son:

- a) Posuír unha capacidade profesional actualizada, así como unha decidida vocación e entrega entusiasta ao seu labor; deben buscar os medios pedagóxicos máis idóneos segundo os alumnos aos que imparten ensino.
- b) Estar disposto a abrirse ao diálogo e admitir as suxestións que, de forma responsable e respectuosa, se lle presenten por parte do alumnado.
- c) Cumprir as disposicións sobre o ensino, cooperando coas autoridades educativas para lograr unha maior eficacia.
- d) Esmerarse no cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa.
- e) Impartir o ensino e realizar as súas programacións de conformidade coa normativa legal vixente.
- f) Asegurar de maneira permanente o seu propio perfeccionamento científico e pedagógico.

1.2. Dos alumnos e alumnas

O Centro Liceo "La Paz" é unha institución docente e unha comunidade educativa.

O alumno que se incorpora ao mesmo contrae unhas obrigas que se resumen no deber de realizar unha tarefa eficaz de autoformación e colaborar na promoción dos seus compañeiros cun sentido eminentemente educativo.

Posto que o estudante ten o deber de cumprir as súas obrigas, ten tamén o dereito de recibir os medios e axudas necesarios para levalas a cabo.

Todo alumno do Centro Liceo "La Paz" debe coñecer este Regulamento, que lle será facilitado pola Xefatura de Estudos ao ingresar no Centro.

Segundo o **art. 7.1** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o alumnado ten **unha serie de dereitos**:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Disposicións complementarias do CPR Liceo La Paz:

- a) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- b) A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- c) A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- d) A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade.
- e) A información, no seu caso a familias ou titores, acerca do carácter propio do Centro Liceo "La Paz" e as normas e disposicións do mesmo.
- f) A recibir toda clase de apoio e estímulos que o predispoñan a unha actitude positiva cara o estudo.
- g) A entrevistarse cos seus profesores, titores ou outras persoas especializadas que o Centro dispoña.
- h) A ser escoitado en caso de que se lle abra expediente disciplinario a fin de que expoña os argumentos oportunos na súa defensa.
- i) A formular, persoalmente ou a través dos órganos Colexiados, ante os profesores e a Dirección do Centro, cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas no que se refire ao réxime educativo e utilización de instalacións e medios; así mesmo, deberán ser respectados na súa dignidade persoal non sendo obxecto de trato ou sancións humillantes.
- j) A que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade. A aplicación do proceso de avaliación continua do alumno require a súa asistencia regular ás clases e actividades programadas para as distintas materias que constitúen o plan de estudos.
- k) A clases dirixidas por Licenciados ou profesores especializados.
- l) A control psicopedagóxico e atención individual, que se concreta en informes persoais (diagnóstico de aptitudes, intereses, personalidade, etc.), e a adecuada Orientación Escolar, vocacional, profesional, etc. polos Psicólogos

de Centro.

- m) A asistencia moral e relixiosa a cargo do Director Espiritual do Centro, sempre e cando non renuncie á mesma.
- n) A actividades culturais, recreativas e deportivas.
- o) A informes periódicos ao cabeza de familia sobre rendemento académico, asistencia a clases, comportamento, estado sanitario, etc.
- p) Os MEDIOPENSIONISTAS recibirán no Centro o correspondente almorzo, xantar e merenda.

Segundo o **art. 7.1** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa o alumnado ten **unha serie de deberes**:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e o material preciso.

Outros compromisos dos alumnos son:

- a) Os derivados da súa condición intrínseca de estudante.
- b) Acatar as normas de réxime interno do Centro.
- c) Realizar as actividades normativas que se establezan.
- d) Observar a uniformidade en perfecto estado de uso.
- e) Cumprir os compromisos económicos nos prazos fixados.

- f) Aplicarse e render academicamente con vontade de traballo e espírito de superación.
- g) Inescusable asistencia ás clases e presentación aos exames debidamente convocados.
- h) Participar e colaborar nas actividades do Centro que se consideren obrigatorias.
- i) Corrección esmerada ao participar nos diferentes actos (académicos, culturais, deportivos, conmemorativos, etc.).
- j) Obediencia, consideración e respecto ás persoas que ostentan autoridade académica, así como ao persoal que actúa nos distintos servizos do Centro.
- k) Exercitar a convivencia e o compañeirismo na vida do Centro.
- l) Evitar a murmuración en todas as súas manifestacións, tanto entre compañeiros como en relación con outras persoas.
- m) Impedir que se produzan rifas, ameazas, actos de intimidación, insultos, etc.
- n) Comportarse correctamente tamén fóra do ámbito do Centro, amosando a súa boa educación.
- o) Esmerarse no aseo persoal e vestir con corrección.
- p) Bo trato ao material didáctico que utilice durante a súa estadía no Centro (mobles, maquinaria, instalacións, edificios, xardíns, etc.).
- q) O incumprimento destas obrigacións no curso anterior pode ser motivo suficiente para a non admisión no Centro.

Cómpre subliñar a responsabilidade citada no artigo 13 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa sobre a responsabilidade e reparación de danos:

O alumnado está obrigado a reparar os danos que causara, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorrese en condutas tipificadas como agresión física ou moral, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co cal, no seu caso, determine a resolución que imponha a

corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, no seu caso, correspondan.

1.3. Das familias

Os pais ou encargados dos alumnos son os primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos e forman parte da Comunidade Educativa do Centro.

A solicitude de admisión dun alumno no Centro supón, por parte dos pais ou dos representantes legais do alumno, o coñecemento e libre aceptación ou respecto dos principios e dos obxectivos fundamentais establecidos no Ideario e no Proxecto Educativo.

Os representantes legais dos alumnos do Centro que desexen continuar no mesmo, no seguinte curso escolar, deberán solicitar a oportuna reserva dentro do termo que a Dirección sinale, debendo estar ao corrente do pago das cotas do Centro e non ter notas desfavorables polo incumprimento das súas obrigas.

Segundo o **art. 6.1** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa as familias teñen os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectados e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o cal se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos do centro docente.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro docente.
- d) A ser oídos, nos termos previstos pola presente lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Porén, en caso de xurdir criterios controvertidos co persoal docente ou non docente da institución educativa, as familias deberán acudir á Dirección Técnica na maior brevidade posible.

Segundo o **art. 6.2** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa as familias teñen os seguintes **deberes**:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar á autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das conductas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Outros compromisos das familias son:

- a) Notificar e xustificar as faltas de puntualidade e asistencia dos alumnos.
- b) Devolver as circulares, boletíns e informes debidamente asinados no prazo fixado.
- c) Non ocultar ningunha información que poida prexudicar a educación do seu fillo/a
- d) Responsabilizarse no seguimento adecuado das actividades complementarias e extraescolares dos seus fillos.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos desenvolverá a súa participación educativa respectando o Ideario e Regulamento de Réxime Interno e as disposicións complementarias. O asesoramento da Asociación realizarase a través do Consello Escolar nos niveis que estivesen concertados. A participación das familias na Asociación de Nais e Pais de Alumnos é voluntaria.

1.4. Do persoal non docente

No **art. 9** da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa veñen regulados os dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

Son Dereitos:

- a) Ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) Desenvolver as súas funcións nun ambiente axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) Participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da presente lei.

Son Deberes:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto ás actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivese coñecemento.

2. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCION

As condutas contrarias á convivencia no centro docente clasifícanse en **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** e **condutas leves contrarias á convivencia**.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** no centro docente:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e

ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

2.2. Condutas leves contrarias á convivencia.

Considéranse **condutas leves contrarias á convivencia** no centro docente:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos , os actos inxustificados e as actuacións prexudiciais descritas no apartado anterior que non alcancen a gravidade necesaria.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas

normas do centro, perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do apartado anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas tipificadas como tales nas normas de convivencia do centro docente.

2.3. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, nese caso o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

2.4. Medidas correctoras

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. A estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia as clases ou o cambio de centro.

b) Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e terá que contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e demais circunstancias persoais, familiares e sociais. A estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, no seu caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

2.4.1 Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación do centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración.

Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesor tutor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

2.4.2 Procedementos conciliados de resolución dos conflitos

Reglamentariamente determinarase un procedemento conciliador para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de

corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

2.4.3 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

2.4.4 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

2.4.5 Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticas ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

2.4.6. Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

2.5. Procedemento para a imposición das medidas correctoras

2.5.1. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do **procedemento disciplinario**.
2. Corresponde acordar a **incoación do procedemento** á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a Xefatura de, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento **notificarase á nai ou pai** ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou **a este se é maior de idade**, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como **persoa instrutora**. Así mesmo, **comunicarase á inspección educativa**.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa **titular da dirección do centro** pode adoptar motivadamente, **por iniciativa propia ou por instancia do instrutor**, como **medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos**. A adopción de medidas provisionais **notificarase á nai ou pai** ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa **instrutora formulará proposta de resolución** e dará **audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor**, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de falta de comparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.
6. Realizado o **trámite de audiencia**, a persoa titular da dirección do centro **ditará resolución motivada** que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, **a correspondente corrección**, así como a **obriga de reparar os danos producidos**.
7. A resolución **notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor** da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, **nun prazo máximo de doce días lectivos** desde que se **tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento**, e **comunicarase á inspección educativa**.

8. A **resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva**. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro **cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos**

2.5.2. Procedemento para a imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) **O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos**, no caso das medidas previstas nas liñas a), b) e c).

b) **A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos**, no caso das medidas previstas nas liñas a), b), c) e d).

c) A persoa que ocupe a **xefatura de estudos**, ou a persoa **titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas** liñas a), c), d), e) e f)

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas liñas g) e h). A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou **alumno** antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

2.5.3. Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores.

As **audiencias e comparecencias** das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección **son obrigatorias** para eles, e a súa **desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela**.

2.5.4. Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar

Na definición da lei de convivencia considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

- A dirección adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección completa da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.
- A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

2.5.5. Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

O plan de convivencia do centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro que serán designadas pola Administración educativa.

As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competencias.

2.5.6. KiVa (Kiusaamista Vastaan)

Desde o ano 2017 o noso Centro incorpora o programa KiVa (agradable, chulo ,guai, amable), que xurde en Finlandia para prever e combater o acoso escolar. Este programa nace como un xeito diferente de abordar e tratar esta realidade, sen menoscabo dos protocolos dos que a Xunta de Galicia dispón e xa están funcionando de maneira habitual.

VII. FUNCIONAMENTO DOS DIVERSOS ÓRGANOS DO CENTRO

1. O EQUIPO DIRECTIVO

É o responsable máximo da organización e o bo funcionamento do Centro. Ten as seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar as actividades do Centro.
- Executar os acordos dos órganos colexiados.
- Convocar e presidir actos académicos e reunións dos órganos colexiados.
- Cumprir e facer cumprir as disposicións.
- Favorecer a convivencia e impoñer as correccións.
- Xestionar os medios humanos e materiais.
- Visar os certificados e documentos.

2. O CONSELLO ESCOLAR

É o órgano a través do que participan na xestión do Centro os distintos sectores da comunidade educativa.

3. O CLAUSTRO DE PROFESORES

É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro coa responsabilidade de planificar, coordinar e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos educativos e docentes. Son membros do claustro a totalidade dos profesores do Centro.

Haberá ao largo do curso polo menos unha reunión trimestral, unha sesión ao comezo e outra ao final do curso. Pode ser convocado polo director ou a solicitude dun terzo dos seus membros. As reunións celebraranse fóra do horario lectivo sendo a asistencia obrigatoria. As decisións nas que se requira unha votación tomaranse por maioría simple dos presentes.

4. OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas das áreas, materias e outras actividades pedagóxicas. As súas competencias son:

- Elaborar as programacións didácticas.

- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co departamento de orientación
- Promover a investigación educativa.
- Formular propostas para o PEC e o Proxecto Curricular do Centro.
- Resolver as reclamacións
- Elaborar a memoria final.

5. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Como órgano de Coordinación das accións titoriais e orientadoras que se levan a cabo no Centro, os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación son diversos; sendo os principais os seguintes:

- Asesoramento ó Equipo Directivo.
- Asesoramento directo ó alumnado.
- Asesoramento ós profesores.
- Asesoramento ás familias.
- Coordinación das clases de apoio e reforzo educativo.
- Coordinación con outros servicios e institucións (equipos de Orientación específicos da Provincia, Servicios Sociais, etc.)

5.1. Obxectivos xerais

1. Contribuír á persoalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa, contribuíndo a unha educación individualizada.
2. Axusta-la resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas Adaptacións do Currículo e Reforzos Educativos.
3. Preve-las dificultades de aprendizaxe e asistilas cando se produzan.
4. Favorece-los procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.
5. Contribuír á adecuada relación entre os distintos integrantes da Comunidade Educativa.
6. Impulsa-la acción titorial, coordinando a actuación dos titores a través do PAT.
7. Potencia-la innovación educativa e a formación do profesorado.

5.2. Planificación xeral e definición de accións prioritarias.

A intervención dos profesionais que forman o Departamento de Orientación do Centro está enfocada fundamentalmente a tres grandes ámbitos interrelacionados:

1. Apoio e asesoramento ó proceso de ensinanza e aprendizaxe dende a perspectiva psicopedagóxica e os principios de atención á diversidade.
2. Apoio ó Plan de Orientación Académica e Profesional, que contribuirá a facilita-la toma de decisións de cada alumno/a respecto o seu itinerario académico e profesional.
3. Apoio ó Plan de Acción Titorial (marco no que se especifican os criterios de organización e as liñas prioritarias da tutoría)

Liñas de Actuación prioritarias do Plan de Orientación Académica e Profesional na ESO (sobre todo no 2º Ciclo) para que os alumnos/as se coñezan a si mesmos, as súas capacidades, preferencias e motivacións, tanto académicas como profesionais:

1. Facilitar información ós alumnos/as sobre as distintas opcións educativas ou laborais, especialmente das que se ofrezan no seu contorno (optativas, Ciclos Formativos, modalidades de Bacharelato, outros itinerarios especiais)
2. Facilita-lo contacto do alumno co mundo da empresa.
3. Procura-la colaboración e participación das familias na toma de decisións.
4. Recaba-la participación dos Centros de traballo do contorno na Orientación Profesional e na inserción laboral dos alumnos/as.
5. Asesorar ós Departamentos Didácticos e titores sobre como realizar sesións informativas de orientación académica profesional.
6. Información a profesores e alumnos sobre cursos formativos na zona.

6. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

O marco xeral no que situamos as liñas fundamentais do Plan de Acción Titorial ven delimitado polos seguintes criterios:

- 1) Todos e cada un dos alumnos, no seu percorrido polo Sistema Educativo, teñen dereito á Orientación.
- 2) Para dar resposta a este dereito o subsistema de orientación organizase en tres niveis: a Tutoría e o Departamento de Orientación (D.O) como servizos internos ó centro, e o Equipo de Orientación Específico (EOE) provincial como servizo externo. O primeiro nivel, a tutoría, é fundamental e son subsidiarios del os outros dous niveis.

- 3) A acción tutorial compete ó conxunto do profesorado. Tódolos profesores son titores tal como establece a lexislación vixente.
- 4) As liñas xerais do PAT (Plan de Acción Tutorial) recolleranse no Plan de Orientación.

A **nosa actuación** consistirá en **elaborar unhas liñas xerais que enmarquen a acción tutorial no Centro** para que poidan ser debatidas polos distintos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e que se concretarán no Plan de Acción Tutorial.

Estas liñas xerais preséntanse a continuación:

1. O noso Plan de Acción Tutorial parte dunha análise do contexto socioeconómico e cultural no que está inmerso o Centro e das necesidades sentidas e detectadas.
2. O PAT fixa uns obxectivos xerais, que son:
 - Favorece-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos e alumnas.
 - Optimiza-lo proceso de ensinanza-aprendizaxe.
 - Potencia-la coordinación dos equipos docentes.
 - Orientar ós pais e nais no seu labor educativo.
3. Á vista das diferencias evolutivas do alumnado en cada etapa, das diferencias curriculares, das diferencias organizativas do profesorado (ciclos en EI e EP, e departamentos didácticos na Ensinanza Secundaria e Bacharelato), pensamos que o PAT debe ter a seguinte estrutura:
 - Acción tutorial na EI
 - Acción tutorial na EP
 - Acción tutorial na ESO
4. Na EI serán prioritarios os obxectivos e actuacións que favorezan:
 - A coordinación das tarefas educativas familia-escola.
 - O desenvolvemento da identidade persoal, procurando desenvolver, nos alumnos, un autoconcepto adecuado.
 - A coordinación da acción dos distintos profesionais que atenden ós alumnos con NEE.

Nesta etapa darase especial importancia ás actividades de acollida e adaptación dos alumnos ó centro cando se incorporan por primeira vez. Será

de vital importancia o coñecemento e a relación coas súas familias, polo papel fundamental que xogan na vida do neno a esta idade. Con carácter preventivo farase un seguimento da evolución da competencia lingüística dos alumnos tanto no aspecto comprensivo como expresivo.

As actividades que serán realizadas cos alumnos enmarcaranse na Programación de Aula de cada profesor (non hai diferenza de figuras titor e profesor); as actividades que se realizarán cos pais terán lugar na hora semanal reservada a tal efecto, tanto para a atención individual como a grupal; as actividades que se realizarán cos profesores insertaranse nas reunións de ciclo segundo estableza a Programación Xeral Anual do Centro.

5. Na EP priorizaranse obxectivos e actuacións encamiñadas a :

- Detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais: lectura, escritura, cálculo e iniciación á solución de problemas.
- Realizar unha avaliación sistemática do proceso de E/A co fin de axustar a axuda pedagóxica necesaria para cada alumno
- Proporcionar ós pais una información sobre a marcha escolar dos seus fillos.
- Establecer as aprendizaxes que son requisitos previos para a formación en tódalas áreas (i.e. comprensión e expresión oral)
- Coordinación das distintas medidas de atención á diversidade (RE e ACIS) e dos profesionais que interveñen nelas.
- Proporcionar aos profesores titores material axeitado para traballar a educación en valores, en concreto o valor de quererse, o valor de ser responsábel, o valor de domina-lo carácter, o valor de ter bos sentimentos e o valor de ser un cidadán honesto.

Nesta etapa as actividades a realizar cos alumnos enmarcaranse no tempo que o titor atende a ese grupo, pois é o profesor que imparte máis áreas.

As actividades a realizar cos pais (individuais e en grupo) teñen unha hora semanal asignada. As actividades a realizar cos profesores canalizaranse a través das reunións de ciclo quincenais.

6. Na ESO priorizaranse obxectivos e actividades encamiñadas a:

- Facilita-la integración do alumno/a na etapa e no grupo-clase.

- Desenvolve-la madurez vocacional, asesorando na toma de decisións sobre a optatividade e sobre as opcións ó termina-la ESO.
- Detectar dificultades nas estratexias de aprendizaxe e nos hábitos e técnicas de estudo.
- Coordina-lo axuste das programacións ás necesidades educativas do grupo clase e dos alumnos considerados individualmente.
- Asesorar e informar ós pais sobre a marcha escolar dos seus fillos, así como das distintas eleccións que realizarán durante a etapa e ó finalizala.
- Proporcionar aos profesores titores material axeitado para traballar a educación en valores, en concreto, o valor da motivación, o valor de ser responsábel, o valor de coñecerse a si mesmo, o valor da tolerancia e o valor de ser un cidadán honesto e solidario.

As actividades que se realizarán cos alumnos en grupo faranse na hora semanal de tutoría; as actuacións cos pais levaranse a cabo no horario fixado para tal fin.

7. Como estratexia de intervención xeral, concebimos a figura do titor como un facilitador, respecto ós pais, da comunicación co centro; respecto ós alumnos, facilitador das aprendizaxes e da socialización; respecto ó equipo educativo, facilitador do traballo cooperativo.
8. Unha parte fundamental do PAT será a **avaliación** do Plan. Esta avaliación realizarase ó inicio do Plan para detecta-las necesidades, durante o proceso para adecuar actuacións e ó final para valora-los resultados e propoñer modificacións. Esta avaliación será realizada por tódolos implicados baixo a coordinación do D.O. Os criterios de avaliación estableceranse en función de:
 - Os obxectivos marcados.
 - Grao de coherencia coa dinámica xeral do Centro.
 - Grao de implicación e participación dos membros da comunidade educativa.

O D.O. colaborará co profesorado na implementación do PAT a través das seguintes actuacións:

- Propoñendo e facilitando materiais que permitan recollida de datos para un mellor seguimento do alumnado.
- Asesorando ós alumnos e familias que o precisen, tanto a petición propia como derivados polos tutores.
- Realizando a avaliación psicopedagóxica dos alumnos que o necesiten.
- Coordinando as actuacións cos alumnos que presentan necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Asesorando ós equipos de profesores en temas que teñen que ver coa avaliación das aprendizaxes dos alumnos e da súa promoción.
- Colaborar co Xefe de Estudos, suxerindo medidas organizativas que favorezan a coordinación de tutores, tanto durante o curso (coordinación horizontal) como nos cambios de ciclo ou etapa (coordinación vertical).
- Favorecer instrumentos de avaliación do Plan de Acción Titorial.
- Todas aquelas que poidan ser necesarias para un adecuado desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

Tamén como actividades complementarias se levarán a cabo unhas sesións formativas a cargo da Cruz Vermella nas que se tratarán os seguintes temas: Formación Sexual, Prevención de Drogas, Prevención de trastornos da alimentación, A Autoestima como tema transversal, Acoso escolar e conflitividade da aula e Violencia de Xénero.

7. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos últimos cursos foise producindo un cambio progresivo con relación á relativa homoxeneidade dos alumnos que tradicionalmente se escolarizaban no noso centro. Na nosa poboación escolar están escolarizados alumnos de necesidades educativas específicas de apoio educativo derivadas de deficiencias auditivas, discapacidade intelectual e trastornos xeneralizados do desenvolvemento; e, de forma progresiva, a presenza de alumnos inmigrantes é cada vez máis significativa.

Esta realidade escolar lévanos a deseñar un Plan de Atención á Diversidade coa finalidade de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades educativas específicas que presentan os alumnos escolarizados no centro e, en particular, os alumnos con necesidades educativas específicas, ben sexan permanentes ou transitorias.

Obxectivos.

- Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Establecer canles de colaboración entre os diversos profesores que interveñen cos alumnos con necesidades educativas específicas.

Alumnos susceptibles de medidas educativas diversificadas.

Sen esquecer que este Plan debe ter como referente o principio de inclusión do alumnado, contemplado na LOMLOE, e como tal debe dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, a atención de forma máis específica realizarase cos seguintes alumnos:

- Alumnos inmigrantes con descoñecemento do idioma.
 - Alumnos derivados de ritmos lentos e dificultades de aprendizaxe.
 - Alumnos con problemas emotivo-relacionais e/ou de conduta.
- Respecto da tipoloxía dos alumnos/as: priorizarase a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo sobre o traballo, con outras necesidades de tipo puntual nunha ou varias áreas do currículo.
- Respecto dos niveis escolares e ciclos: na aplicación dos Programas de Aula, nos casos de alumnado co que se considere necesario o traballo específico e individualizado (ou en pequenos grupos), tanto dentro como fóra da aula ordinaria, seguirase un criterio ascendente empezando polos de Educación Infantil. Priorizarase a atención preventiva nos niveis de Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria.
- Respecto das áreas: priorizarase calquera atención (individualizada ou de grupo) aos aspectos de autonomía persoal e escolar, nos prerequisites sobre as Técnicas Instrumentais Básicas e a Linguaxe Oral, en canto á corrección da fala, linguaxe e comunicación, sobre as demais áreas do currículo (que sempre se adaptarán ás capacidades individuais).
- Respecto da realización das Adaptacións Curriculares: realizaranse Adaptacións Curriculares Individuais (significativas, non significativas ou de comunicación) para todo o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo. No

caso de aqueles con baixo aproveitamento do currículo, nunha ou varias áreas, pero nos que a avaliación psicopedagóxica non indique unhas necesidades especiais, realizaranse cantas Adaptacións Curriculares non significativas considere oportuno o equipo educativo.

7.1. Plan de acollida de alumnos inmigrantes

Para facilita-la adaptación dos alumnos que se escolarizan ao longo do curso procedentes doutros países, o centro elaborou os seguintes criterios e procedementos de actuación:

- Escolarización. Recepción da familia e formalización de matrícula: o Equipo Directivo realizará estas accións.
- Acolleita inicial do alumno, realizada polo profesor-titor.
- Resposta educativa, realizando unha adscrición definitiva do alumno a un nivel educativo, avaliando o seu nivel inicial de competencia curricular e organizando, se fora necesario, o reforzo educativo e os materiais didácticos adaptados ás necesidades educativas do alumno.

Na ficha elaborada para recolle-las características socio-familiares e historia escolar contémplase realizar un seguimento das medidas individualizadas adoptadas con estes alumnos.

7.2. Medidas de resposta educativa

7.2.1. Medidas ordinarias

Organizativas

As medidas organizativas que se adopten van estar condicionadas pola dotación de persoal que dispoña o centro e polo tipo de necesidades educativas dos alumnos escolarizados. O criterio xeral que se vai adoptar é lograr proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe a través de medidas organizativas centradas en facilitar ao titor unha intervención máis individualizada.

Apoio educativo a alumnos con ritmos lentos e/ou dificultades de aprendizaxe en Educación Primaria:

- Nos ciclos de educación primaria realizaranse grupos de reforzo pedagóxico realizado polos profesores implicados no ciclo.

- Recibirán o devandito apoio os alumnos que presentan un desfase curricular e se considere que, coa atención personalizada do titor dentro da aula, non van lograr progresar adecuadamente.
- Ó comezo de curso os titores concretarán os obxectivos que se van traballar fóra da aula e os criterios de avaliación.
- Os pais dos alumnos susceptibles de reforzo serán informados das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden co reforzo pedagógico.
- O Departamento de Orientación colaborará realizando o asesoramento sobre a resposta educativa destes alumnos e, nos casos nos que se estime necesario, realizará unha avaliación psicopedagóxica.

Curriculares

- Priorización de contidos mínimos propios do ciclo.
- Afianzamento de contidos do ciclo anterior.
- Permanencia un ano máis no ciclo.
- Adaptación de materiais didácticos.

Metodolóxicas

- Partir dos coñecementos previos dos alumnos (avaliación inicial).
- Suscitar actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis e intereses dos alumnos.
- Aprendizaxes funcionais, potenciando a xeneralización das aprendizaxes realizadas na aula.

Titoriais

No Plan de Acción Titorial aprobado no centro contémlanse as medidas de seguimento individualizado dos alumnos, procedementos de detección das necesidades, coordinación entre os profesores que interveñen co alumno e sistemas de avaliación.

Entre as funcións do titor, en referencia á atención á diversidade, destacamos as seguintes:

- Facilita-la integración dos alumnos.
- Fomenta-la participación nas actividades do centro.
- Relación e información ás familias.
- Decisións sobre a promoción de ciclo.
- Elaboración e avaliación das Adaptacións Curriculares Individuais.

- Coordinación programada cos profesores que interveñen co alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) con resposta educativa e orientación ás familias.

Orientación educativa

- Avaliación psicopedagóxica, canalizada a través da Xefatura de Estudos.
- Determinación das necesidades educativas dos alumnos.
- Asesorar sobre as modalidades de apoio e temporalización do mesmo.
- Colaborar co profesorado no deseño de medidas que faciliten unha resposta diversificada na aula (materiais e actividades).
- Coordinación coas profesoras de PT e AL: seguimento dos alumnos, programas de prevención e intervención ANEAES.

7.2.2. Medidas extraordinarias: adaptacións curriculares

Implica toda modificación que se realice nos diferentes elementos curriculares: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e organización.

Na avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación establecerase o tipo de adaptación necesaria para dar resposta ás necesidades educativas do alumno e os recursos para levala a cabo (modalidade de apoio e profesionais que interveñen co alumno: profesor de ciclo, P.T. e/ou A.L.).

Durante o mes de setembro manteranse, entre os profesores implicados, as reunións necesarias para establecer os obxectivos curriculares e criterios de avaliación, coordinar as áreas de intervención entre todos os profesores implicados e establecer os tempos semanais de apoio educativo.

Profesionais implicados

O titor, co asesoramento do Departamento de Orientación realiza e avalía a adaptación curricular e coordínase cos profesores que interveñen co alumno. Cando no apoio individualizado interveñen o P.T. ou A.L. participarán no proceso de elaboración e avaliación.

Referentes da elaboración:

- Necesidades educativas contempladas no informe de avaliación psicopedagóxica.
- Avaliación curricular realizada o curso/ciclo anterior.
- Obxectivos mínimos contemplados para ciclos anteriores no que o alumno está escolarizado.
- Tendo en conta as características específicas do alumno, é necesario que na adaptación curricular, conxuntamente cos contidos máis académicos, se

contemplan obxectivos relacionados co desenvolvemento integral do alumno (habilidades de interacción social, adaptación ó contorno, equilibrio persoal, autoestima ...)

Elementos da ACI:

- Datos persoais e académicos do alumno.
- Profesionais que interveñen e tipo de intervención.
- Nivel de competencia curricular nas áreas obxecto de adaptación.
- Estilo de aprendizaxe.
- Identificación das necesidades educativas.
- Currículo adaptado nas áreas nas que necesita adaptación curricular, obxectivos e contidos que se desenvolverán ao longo do curso.
- Criterios de avaliación do alumno.
- Seguimento da adaptación curricular.

7.2.3. Avaliación das adaptacións curriculares

A avaliación das devanditas adaptacións realizarase nos períodos establecidos para todos os alumnos, establecéndose sesións de avaliación trimestrais coa participación de todos os profesores que interveñen co alumno.

No Boletín de información ás familias exprésanse os resultados nos mesmos termos que para todos os alumnos, reflectíndose a palabra ACI nas áreas implicadas.

Criterios de atención do alumnado e profesorado implicado na resposta educativa.

A aula onde o alumno está escolarizado será o referente para deseñar as medidas de resposta diversificada, sendo necesario contemplar na programación de aula as necesidades de tódolos alumnos do grupo.

A detección dos alumnos susceptibles de medidas diversificadas realizarase por parte do titor, adaptando a resposta educativa a través das medidas ordinarias. Cando as necesidades que presenta o alumno implican a adopción de medidas extraordinarias, derivarase a través da Xefatura de Estudos, para realizar unha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación e, posteriormente, planificarase unha resposta educativa adaptada ás necesidades que se concreten no informe de avaliación.

Os reforzos educativos individualizados realizaranse fóra da aula cando se cumpran os seguintes criterios:

- Necesidades educativas do alumno moi diferenciadas ás que presentan os seus compañeiros do grupo.
- Realización de actividades que, polos recursos e metodoloxía que se van a empregar, distorsionarían a marcha xeral da súa aula.
- Agrupación de alumnos que pertencen a diversos grupos ou niveis.

No inicio de curso, ao realizar a programación dos apoios fóra da aula, priorizarase que ditos apoios se leven a cabo en períodos que non coincidan con desdobramentos de grupos ou en áreas nas que a participación do alumno co seu grupo se considera necesaria para a súa integración social e/ou progreso curricular.

7.3. Recursos persoais e materiais

Recursos persoais

Os recursos persoais para levar a cabo este Plan son todo o grupo de profesores dos que o centro dispón.

Recursos materiais

Poder levar a cabo unha correcta atención á diversidade a través de agrupacións de alumnos diferentes á organización de alumnos por nivel, implica dispoñer de espazos adaptados a estas actuacións e organización dos materiais didácticos que o centro dispón para que sexan accesibles a todo o profesorado. Neste sentido, na Programación Xeral Anual analizarase:

- A asignación e adaptación de espazos destinados para o apoio en grupo ou individualizado.
- Os materiais didácticos que dispón o Centro e necesidades de novas adquisicións. Para lograr unha maior utilización dos recursos que o centro dispón, ao longo do curso realizarase un inventario do material complementario dispoñible nos ciclos. A través da coordinación de ciclos, potenciarase a utilización dos recursos existentes e a detección de necesidades.

7.4. Colaboración cos Servizos Sociais e Sanitarios.

Debido a que os alumnos do Centro proceden de distintos sectores da cidade, a coordinación cos Servizos Sociais e de Saúde realízase de forma puntual dependendo das necesidades que se suscitan.

7.4.1. Estratexias de intervención

O Departamento de Orientación actuará da seguinte forma:

- A Xefa do Departamento propondrá as actividades de orientación e tutoría do Centro. Para poder levar a cabo estas tarefas colaborará con:
 - ✎ Xefe de Estudos, con quen se establecerá unha hora de reunión semanal para a coordinación destas actividades.
 - ✎ Departamentos Didácticos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que se reunirá unha vez ó mes.
 - ✎ Titores/as. A Xefa do Departamento elaborará cada curso escolar unha carpeta do titor. Os Titores/as que pertencen ó Departamento de Orientación canalizarán as necesidades dos outros Titores/as.
- O Departamento de Orientación reunirse unha vez á semana, para analizar a súa intervención e propoñer liñas de actuación.
- Os profesores de Apoio e a Coordinadora do Departamento de Orientación organizarán as medidas de atención á diversidade, para o que se reunirán unha hora á semana.
- Os Profesores de Apoio intervirán directamente cos alumnos que o precisen.

7.4.2. Avaliación

Completaranse os cuestionarios de avaliación trimestral por parte dos alumnos e os cuestionarios de avaliación final por parte dos titores.

O Departamento de Orientación fará a avaliación final do Plan de Acción Titorial e os resultados teranse en conta na planificación das unidades didácticas do seguinte curso.

8. PLAN DE CONVIVENCIA

8.1. Xustificación.

Consideramos que o fundamental na educación é formar persoas, é dicir, conseguir que os alumnos teñan sentido crítico de si mesmos relacionándose axeitadamente cos demais. Isto pódese realizar mediante a estimulación da intelixencia persoal e interpersoal (formuladas polo psicólogo Gardner), da habilidade de pensar (segundo ou psicólogo Manuel Segura) e da moralidade (Köhlberg).

O ser humano vive inmerso nun ambiente de valores e debemos axudar ao noso alumnado a entendelo. A asimilación de valores precisa un período de aprendizaxe, porque unha vez interiorizados, constituirán pautas de comportamento e axudaranlles a tomar decisións, facendo posible o desenvolvemento de tódalas calidades (capacidades) do ser humano.

Se a educación debe servir para algo, tal e como recoñecen moitos autores, é para que a persoa saiba enfrontarse con éxito ás demandas e ás esixencias que lle imporá a súa vida. É dicir, debe ir adquirindo as habilidades e competencias necesarias para "ser feliz", manter un axeitado estado de benestar psicosocial.

A conduta socialmente habilidosa (seguindo a Vicente Caballo) é ese conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersonal que expresa os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dese individuo dun modo axeitado á situación; respectando esas condutas nos demais, e que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a posibilidade de futuros problemas.

Dado que as habilidades sociais non son innatas senón que se adquiren progresivamente, resulta imprescindible descubrir cales destas variables interfieren, ou mesmo bloquean o axeitado proceso, e a maneira a partir da que poderán ensinarse e modificarse convenientemente, cando a aprendizaxe fora incorrecta ou deficitaria.

Ás persoas con déficit en habilidades sociais experimentan illamento social, rexeitamento por parte doutras persoas e unha baixa autoestima, como consecuencia de percibirse a si mesmas como incompetentes socialmente.

Por este motivo no noso Colexio incluímos, no Plan de Acción Titorial, un Programa Básico de Habilidades Sociais que queremos desenvolver nos nosos alumnos. As habilidades que queremos desenvolver son:

- Coñecemento dun mesmo.
- Comunicación asertiva ou efectiva.
- Toma de decisións.
- Pensamento creativo.
- Manexo de emocións / sentimentos.
- Empatía.
- Relacións interpersoais (defende os teus dereitos sen "pisar" os do outro)
- Solución de conflitos.
- Pensamento crítico.
- Manexo de tensión / estrés.

Na escola sempre haberá conflitos, logo hai que educar buscando a súa parte positiva e pedagóxica. É unha oportunidade de cambio, que o ámbito sexa mellor ou peor dependerá de como se aborde o conflito, e que a súa resolución nos dotará de ferramentas para resolver outros futuros conflitos.

A educación debe contribuír ao desenvolvemento daqueles valores que permiten avanzar no respecto a diversidade de opinións, puntos de vista, na loita contra as desigualdades de calquera índole e na diminución dos conflitos e das tensións.

A formación dos nenos e nenas e o coñecemento dos seus dereitos faraos libres e participativos; a formación nos seus deberes faraos responsables, solidarios, tolerantes, respectuosos cos dereitos dos demais, creará neles e nelas actitudes favorecedoras da convivencia e a oportunidade de aproveitar o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición.

8.2. Características do centro e da comunidade educativa.

A LOMLOE, non seu capítulo dous do título quinto, refírese á autonomía dos centros; especificando non seu punto dous do artigo 120 que os centros disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar o proxecto educativo e de xestión.

O proxecto educativo do centro (PEC), regulado no artigo 121, afirma que recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación; ademais incorporará a concreción dos currículos e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial. Ademais, incluírá o tratamento transversal de áreas como a educación en valores, o desenvolvemento sustentable ou a igualdade, entre outros..

Os nosos alumnos proceden dunha clase media. No centro non hai alumnos escolarizados que procedan de etnias especiais, se ben si temos nenos adoptados estranxeiros que non supoñen ningunha necesidade de adaptación porque teñen competencia lingüística na nosa lingua.

A heteroxeneidade que se produce no alumnado ven condicionada, fundamentalmente, polas diferentes capacidades dos alumnos, motivacións e outros elementos relacionados coa aprendizaxe.

A práctica totalidade dos nosos alumnos son escolarizados aos 3 anos e permanecen no centro ata rematar a ESO. Pasan ao Bacharelato unha ampla maioría deles.

O ámbito social do noso Centro intégrase nun barrio periférico da Coruña onde vive unha poboación que maioritariamente se dedica ao sector servizos cun poder económico medio-alto. Entre o equipamento do centro podemos destacar que os nosos,

aproximadamente, 1700 alumnos atópanse distribuídos en quince aulas de Educación Infantil, trinta aulas de Educación Primaria, dezaseis aulas de ESO e oito aulas de Bacharelato. Ademais, existen aulas de desdobramentos, aulas de informática, de ciclos formativos de distintas familias profesionais, aulas do conservatorio de música, biblioteca, cinco salas de profesores, laboratorios de ciencias, pavillón polideportivo cuberto, dúas pistas exteriores cubertas, ximnasio, salas de ballet, despacho da APA e capela. Existen tamén dous salóns de actos cunha capacidade de 200 e 100 persoas, respectivamente.

8.3. Estado de convivencia do centro

8.3.1. Alumnado

Pasamos un cuestionario anónimo a todo o profesorado do Centro (Anexo1) no cal se lle preguntaba sobre os seguintes puntos:

- Clima de relacións interpersoais en clase.
- Causa das malas relacións entre escolares.
- Accións de mellora das relacións en clase e titorías.

O profesorado entende que o clima de relacións no centro é bo e que as principais causas dos conflitos entre escolares son a falta de respecto, insultos e pelexas entre iguais, quizais debido a que non coñecen o dano que producen ou a unha falta de madurez e de educación en valores.

O profesorado intenta mellorar estas relacións falando sobre os problemas e establecendo reforzos positivos, así como implicando a familia e tratando de dar cohesión ao grupo para que se coñezan e respecten. Non obstante hai ocasións en que a necesidade de completar un programa de contidos pode facer que se dedique pouco tempo a estas actividades e ás veces non se teña unha idea clara do motivo do conflito ou de ata onde chegar na súa resolución.

Os alumnos que acoden ao noso Centro non presentaron nunca graves comportamentos de violencia escolar e, na actualidade, redúcense a conflitos propios das relacións entre nenos destas idades.

8.3.2. Familias

A relación de convivencia coas familias no noso Centro podémolas catalogar de boas. A normalidade, o respecto mutuo e a participación a través das canles establecidas: titorías, A.N.P.A. e Consello Escolar.

A resposta por parte das familias adoita ser positiva, ao tempo que o Centro escoita as súas propostas e trata de satisfacer as súas demandas.

Dito o anterior, habemos de facer referencias a determinados comportamentos e actitudes que en momentos puntuais distorsionan a convivencia:

- Familias que, ante o conflito dos seus fillos con outros alumnos, sempre entenden que son os outros os culpables.
- Familias que, ante unha queixa dos seus fillos con respecto ao profesor/a, tenden a crer no que contan e, sen contrastar nin falar antes co profesor, dan a entender aos seus fillos que “eles porán os puntos sobre as íes ao mestre”.
- En moitas ocasións a heteroxeneidade familiar propia dos nosos días crean tensións no ámbito familiar, tensións que se trasladan ao ámbito escolar, xa sexa por parte dos nenos como dos seus pais.
- Noutras ocasións, non acatar unha norma de funcionamento interno do Centro, como os horarios ou a asistencia a titorías tamén provoca desequilibrios na convivencia escolar.

8.3.3. Profesorado

Respecto ó resultado das enquisas sobre o ambiente interno de convivencia entre o profesorado, destacaríamos a necesidade xeral do profesorado de sentirse valorado a nivel persoal e profesional polos seus iguais.

Outra cuestión na que fan fincapé os profesores é na necesidade de que haxa unha boa coordinación interdisciplinar e dentro da mesma área a través das distintas etapas.

8.4. Xustificación do novo proxecto de convivencia

Lograr unha convivencia positiva incide directamente na mellora das relacións persoais, da forma de afrontar os conflitos e a disciplina así como na mellora de tódalas persoas que constitúen o Centro.

Queremos dar unha resposta educativa á prevención e resolución de conflitos, así como á violencia escolar, potenciando ambientes de convivencia pacíficos no noso centro.

"É un intento decidido para que o que se consiga non sexa vencer pola mera autoridade conferida ao profesorado, senón convencer como o mellor xeito de evitar resentimentos con consecuencias negativas nas relacións". (Torres Seijo). Para iso faise necesario contar cun Plan que dea resposta de xeito democrático, organizado e sistemático. A convivencia positiva require a elaboración dunhas normas claras e consensuadas con toda a Comunidade Educativa.

Por ultimo a elaboración e posta en marcha deste Plan nace do convencemento de que a convivencia positiva é unha das mellores ferramentas para garantir o proceso ensino - aprendizaxe.

Os principios e valores sobre os que se asenta o Plan de Convivencia son:

- Respecto á dignidade, xustiza e liberdade dos demais.
- Solidariedade, como calidade do ser humano, que nos leva a establecer relacións sociais positivas e non discriminatorias.
- Paz e non violencia, que é o resultado de atender os conflitos axeitadamente, con intervencións xustas que coiden a reparación, reconciliación e resolución de conflitos.

Como concreción diríamos que o noso obxectivo xeral sería fomentar o respecto cara ás diferenzas entre as persoas, tendo en conta os dereitos e deberes de cada un.

8.5. Obxectivos

Con este Plan de Convivencia pretendemos levar a cabo novas estratexias que supoñan alcanzar os seguintes obxectivos:

- Respetar a diversidade para previr e atallar calquera tipo de discriminación e/ou violencia que veña determinada por intentos de dominación do outro.
- Establecer pautas a seguir na resolución de conflitos entre iguais, na crenza de que os mesmos poden axudar a crecer e mellorar, se se resolven convenientemente dende actitudes positivas.
- Crear un ambiente de convivencia óptimo entre os tres estamentos (familias, alumnos e profesorado) do Centro Escolar.
- Conseguir unhas relacións fluídas de dialogo e entendemento mutuo entre familias e titores.

- Facer ver ás administracións pertinentes a necesidade de dotar ao profesorado e aos centros de espazos, materiais e persoal que faciliten a educación en valores.

8.6. Medidas preventivas referentes á convivencia escolar

Ata o día de hoxe as devanditas actuacións foron:

- Plan de acollida (ver no Anexo 2 do Plan de Atención á diversidade)
- Celebración do día da Paz
- Introducción da educación en valores no proxecto curricular de cada ciclo.
- Comisión de Convivencia
- Normas de convivencia do Centro. Tendo en conta que as relacións se fundamentan nos dereitos e deberes de todas as persoas, o Centro conta cun sistema de normas e correccións que vai satisfacer o cumprimento de tal principio. Este sistema de normas e correccións está en coherencia co establecido no Plan de Convivencia, complementándoo e reforzándoo. Non se trata só de reflectir aquilo que debe cumprirse e aquilo que non está permitido, senón de contar, ademais, con fórmulas de diálogos e tratamentos de conflitos, para previlos e, no seu caso, resolvelos.

Os nosos referentes legislativos para traballar a convivencia no Centro foron:

- Lei 27/2005, do 30 de novembro, do fomento da educación e da cultura da paz.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. LOE. (Preámbulo, Principios, Fins, Obxectivos de cada etapa e nos artigos 121 e 124).
- Instrucións da Consellería de Educación sobre a constitución do Observatorio e elaboración do Plan.
- Orde do 17 de Xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- Decreto 85/2007, do 12 de Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- Constitución do Observatorio de Convivencia do Centro.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

8.7. Aula de convivencia

8.7.1. Definición

Entendemos esta aula como a creación dun espazo e un tempo para a escoita, a calma e a busca de solucións ao conflito.

8.7.2. Finalidades

- Minimizar os conflitos para lograr un clima positivo de convivencia e respecto no Centro.
- Dar resposta a situacións persoais de inseguridade, necesidade de atención, afecto... que en moitas ocasións subxace nas causas dos conflitos entre nenos.

8.7.3. Obxectivos

- Superar o sistema punitivo-sancionador a través da mediación e tratamento de conflitos.
- Deseñar estratexias para previlos.
- Recollida de datos cuantitativos e cualitativos referentes á convivencia escolar, co fin de realizar un seguimento e avaliación desta.

8.7.4. Criterios polo que un alumno/a debe ir a A.C.

Tendo en conta o tipo de conflito que se produce no noso centro, serán motivos para asistir á A.C. as seguintes condutas:

- Agresión física a outro/a compañeiro/a
- Conduta de acoso e intimidación entre iguais.
- Condutas contrarias ó normal desenvolvemento da clase.
- Agresión con danos ó material ou instalacións do centro.
- Subtraccións do material do Centro ou doutros compañeiros.

Para outro tipo de intervencións remitirémonos ás normas de convivencia descritas no Regulamento Orgánico do Centro e á mediación, se é o caso, da Comisión de Convivencia.

8.7.5. Funcionamento

- Espazo: Lévese a cabo na biblioteca.
- Horario: durante o horario escolar.
- Profesores encargados: haberá un profesor permanentemente que terá encomendada esta tarefa de forma expulsiva.

- Número de alumnos: pretendemos realizar un tratamento e seguimento individualizado, polo tanto o número de alumnos non será maior de catro.
- Derivación do alumno/a á Aula: sempre será derivado polo titor/a que explicará ó encargado da aula o motivo da devandita derivación.
- Actividades: serán sempre relativas ao motivo polo que están na aula, violencia física, cultural, alteración do desenvolvemento da clase, danos ou subtraccións. O desenvolvemento das actividades debe estar privado de crispación, e a súa posta en práctica seguirá as seguintes pautas:
 - Conversar/razoar (coa mediación dun adulto ou entre iguais).
 - Realización de fichas tipos.
 - Toma de acordos para evitar que se repita a situación.
- Ficha de seguimento e avaliación: nela aparecerá o nome do alumno, data, descrición do conflito e grao de consecución do obxectivo de mellora. A final de cada trimestre farase unha revisión de dita ficha de rexistro para comprobar o efecto fornecido e obrar en consecuencia. Os casos máis conflictivos derivaranse aos órganos competentes. O/a titor/a do alumno/a comunícalle á súa familia o tempo, motivo e actividades que realizase o alumno/a na aula á vez que se solicitarán a súa implicación e colaboración. Ao longo do curso e coincidindo cos finais de trimestre, informarase ao Consello Escolar das actuacións realizadas e logros alcanzados.

Anexo 1: Cuestionario anónimo a todo o profesorado do Centro.

ACTIVIDADE 1: Compartindo marcos conceptuais:

Marca o nº segundo estas máis de acordo (4 ou 3) ou en desacordo (1 ou 2) coas afirmacións que aparecen:

1.	A convivencia non é un fin en si mesma, é un medio para garantir o proceso de ensino-aprendizaxe.	1 2 3 4
2.	A organización, o currículo, a metodoloxía, o estilo de relacionarnos...poden ser causas de moitos conflitos. As causas persoais do alumnado ou do profesorado non son o único motivo da conflictividade.	1 2 3 4
3.	Os nosos pensamentos condicionan as nosas emocións e sentimentos e segundo eles actuamos dun xeito ou doutro. A coherencia entre pensamento, sentimento e acción é fundamental para o benestar tanto individual como do centro educativo como colectivo humano.	1 2 3 4
4.	Todo problema de disciplina soluciónase cun bo regulamento.	1 2 3 4
5.	A capacidade do profesorado para reflexionar sobre a súa propia práctica docente e experimentar novas metodoloxías que faciliten a expresión das inquedanzas, desexos, emocións, sentimentos e ideas do alumnado, incide de xeito directo na convivencia de aula e de centro.	1 2 3 4
6.	Nos centros, en xeral, danse queixas continuas relativas á convivencia, pero case ninguén se plántea seriamente e elabora un programa de xestión da mesma.	1 2 3 4
7.	O conflito con e entre o alumnado prodúcese, ás veces, como manifestación da súa situación persoal e intenta buscar resposta á súa inseguridade, necesidade de atención ou de afecto...	1 2 3 4
8.	A existencia de cauces de participación real de tódolos estamentos do centro, e en especial do alumnado, potencia o sentimento de pertenza e mellora o clima e a convivencia escolar.	1 2 3 4
9.	A convivencia positiva require a elaboración conxunta dunhas normas claras e consensuadas, que potencien a autonomía, a responsabilidade e a capacidade de cambio e mellora de tódalas persoas da comunidade educativa.	1 2 3 4
10.	Unha aula e un centro ben ordenados, onde cada quen sabe que e como ten que facer o seu traballo, e o que se espera de cada persoa, NUNCA teñen problemas de convivencia.	1 2 3 4
11.	Os espazos de recreo, corredores, escaleiras,...autorregúlanse e non é necesario facer ningún cambio nos mesmos xa que non inflúen no desenvolvemento da aprendizaxe.	1 2 3 4
12.	A violencia é aprendida e pódese desaprender.	1 2 3 4
13.	-----	1 2 3 4
14.	-----	1 2 3 4

Elixo e ordena as 3 afirmacións que consideres máis importantes sobre convivencia:

1ª.

2ª.

3ª.

ACTIVIDADE 2 : Falando da nosa convivencia:

Situacións relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe (Programar, coordinarse, avaliar, recursos,...)
a) Síntome ben cando...
b) Síntome mal cando...

Situacións relacionadas coa xestión democrática da aula e do centro (Normas, orde, comportamento, asistencia, puntualidade, coordinación, protocolos, sancións,...)
a) Síntome ben cando...
b) Síntome mal cando...

Situacións relacionadas coas medidas organizativas (Coordinación, reunións, planificación, eficacia, gardas, asistencia, puntualidade, actividades, avisos, seminarios,...)
a) Síntome ben cando...
b) Síntome mal cando...

Situacións relacionadas coas habilidades de comunicación e resolución de conflitos (Acollida, relacións, axudas, actividades, avisos, apoios,...)
a) Síntome ben cando...
b) Síntome mal cando...

Situacións relacionadas coa colaboración coas familias (Comunicación coas familias, reunións, entrevistas,...)
a) Síntome ben cando...
b) Síntome mal cando...

ACTIVIDADE 3: Construíndo a nosa definición de convivencia

1º. Que é para ti UNHA BOA CONVIVENCIA. Pensa no positivo da convivencia, imaxina como che gustaría que fora.

2º. Que esperas da Convivencia, cales son as túas expectativas, como che gustaría sentirte?

-Cos alumnos/as

-Co resto do profesorado

-Co persoal non docente

-Coas familias

3º. Que entendes por NORMAS de convivencia?

E, por DISCIPLINA?

4º. Quen che parece que debe elaborar as normas de convivencia?

5º. Na vida do noso Centro, na convivencia, maniféstanse diferentes intereses, ideas, expectativas...que poden levar a un conflito. Pero...como vives os CONFLICTOS

- ☐ Como un ataque á miña persoa...
- ☐ Como sensación de impotencia e rabia...
- ☐ Como algo que fai que me pregunte certas cousas...
- ☐ Outras maneiras de resolvelos.

Como os transformo?

- ☐ Xestionando pequenos cambios...
- ☐ Tratando de tomar conciencia e asumindo a miña responsabilidade...
- ☐ Buscando unha sanción para quen considero culpable...
- ☐ Outras

As SANCIONS han de ser castigos rápidos e duros ou han de favorecer a reparación do dano e o restablecemento das relacións?

Que propós que se teña en conta para RESOLVER OS CONFLICTOS o máis facilmente posible, DE FORMA CREATIVA E CONSTRUTIVA

9. A COMISIÓN PEDAGÓXICA

A comisión pedagóxica está composta por:

- A Dirección
- Xefe de Estudos
- Os xefes de departamento
- Os coordinadores de ciclo

As súas competencias son:

- Elevar ao claustro propostas de criterios para a elaboración dos PC.
- Asegurar a coherencia dos PEC-PC.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración de programacións didácticas, adaptacións curriculares e programas de diversificación.
- Propoñer ao claustro para a súa aprobación os PC.

10. O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O equipo de normalización lingüística está composto por representantes do persoal docente que pertencen aos distintos niveis de ensino que hai no Centro:

- Representantes do alumnado
- Representantes do persoal non docente

Os seus obxectivos, en liñas xerais, son:

- Asegurar o cumprimento da legalidade vixente en canto a todo o relativo a normalización lingüística.
- Idear estratexias tendentes a potenciar o uso do galego como lingua prioritaria en todas as comunicacións entre os distintos estamentos.
- Promover actividades tendentes á normalización (especialmente entre os alumnos que teñan como primeira lingua o castelán).
- Potenciar o interese pola cultura galega en todas as súas manifestacións (arte, literatura, música...).
- Divulgar a traxectoria do personaxe ao que cada ano se adique *O Día das Letras Galegas*.

11. TITORES

O titor é o encargado e responsable directo de cada grupo.

- Coordina o profesorado do devandito grupo téndoo informado das incidencias notables aínda entre avaliacións.
- Leva directamente as faltas de asistencia, recibindo un parte diario que, ao final da xornada ou principio da seguinte, ten a obriga de presentarlle ao delegado de curso.
- Mantén cos familiares dos alumnos un contacto regular, facendo fincapé nel aínda que non lle sexa solicitado, para coñecer mellor o entorno do alumno, pedir a colaboración dos familiares ou prestala, segundo o caso, comunicar resultados académicos, faltas sen xustificar ou calquera outro tipo de incidencia, tanto de carácter disciplinar como docente.
- Dirixe e orienta as avaliacións do grupo recollendo a información que debe trasladar ao propio alumno e aos seus familiares. Destas sesións de avaliación, o titor levanta unha acta na que se conteñan os seguintes extremos:
 - Lugar e hora da reunión.
 - Profesores asistentes e ausentes.
 - Observacións e acordos especiais.
- Preside as reunións con familiares de alumnos do seu grupo nas que lles informa de niveis, obxectivos, dificultades e características especiais, probas de exame, sesións de avaliación de cada ano académico.
- Ten unhas horas de visita de familiares prefixadas ao comezo do curso académico.

12. DELEGADOS DE CURSO E AULA

O nomeamento dos delegados de curso será a pedra angular base sobre a que se apoiará a participación dos alumnos na vida colexial, participación que se considera importante. O delegado e subdelegado serán elixidos democraticamente polos seus compañeiros. Os delegados de curso dos niveis correspondentes aos alumnos maiores reuniranse periodicamente co cadro Directivo do Centro, para tratar as cuestións que se estimen de interese.

En cada aula haberá un Delegado e un Subdelegado. As súas funcións son:

- Representar formalmente aos seus compañeiros en cantas ocasións así se requiran
- Velar pola orde e conservación do local, mobiliario e material da aula correspondente.
- Colaborar co persoal docente no mantemento da disciplina, control de faltas de asistencia e outras tarefas semellantes, de acordo coas normas da Dirección e Titor.

O delegado é o representante da clase para todos os efectos na súa relación co Titor, Profesores e Xefatura de Estudos. En caso de que non cumprise correctamente as súas funcións, substituirá o subdelegado.

Os Delegados de Clase elixiranse nos primeiros quince días do curso nunha das sesións dedicadas a tutoría (en ESO) ou na clase co titor (en Bacharelato). En principio, todos os alumnos do grupo son elixibles e electores. A elección realizarase por medio de votación secreta nun acto presidido polo titor e entre os alumnos que previamente presentasen a súa candidatura. Se non se presentan candidatos, os alumnos votarán ao compañeiro que desexen. Nomearase Delegado ao alumno con máis votos e Subdelegado ao que quedase en segundo lugar. Todo iso será reflectido nunha pequena acta. Será facultade do titor desestimar a candidatura dun alumno se o seu comportamento en cursos anteriores así o aconsella. Así mesmo, un Delegado poderá dimitir, en cuxo caso ocupará o seu lugar o Subdelegado.

13. NORMAS DE FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

13.1. Centro e familia

A educación dos fillos é deber dos pais ou titores e sobre eles recae a responsabilidade esencial da mesma. É, pois, absolutamente indispensable para o éxito desta misión conxunta, a acción solidaria de colaboración entre familias e profesores. Sen a cooperación real da familia, calquera labor educativa estaría condenado ao fracaso.

Nesta orde de ideas é obriga dos pais:

- Constante apoio á obra educativa do Centro.
- Asiduidade ás clases e cumprimento das obrigas por parte dos alumnos.
- Atención aos resultados que acusan as cualificacións das avaliacións.

- Manifestación sempre ante os seus fillos dunha sincera estima para canto se refira ao Centro -persoas, métodos, etc.- xa que o testemuño dos pais, ao autorizar ou desautorizar a obra do Centro, dá ou quita eficacia á mesma ante os educandos.
- Saúde, disciplina, aseo e bos costumes en todos os actos do Centro.

O Centro non ha substituír á familia, senón facer unha "familia ideal" dentro do tempo e do medio no que se desenvolve o "suxeito" da formación.

13.2. Centro e alumnos

O noso Centro ha contar cunha concreta normativa reguladora das súas actividades, ao igual que calquera sociedade que se prece, ao fin de unir os esforzos dos seus compoñentes.

Dado que o Centro Liceo "La Paz" é un centro docente que aspira en todo a acercarse á perfección, as nosas coordenadas orientaranse cara á dobre faceta de formación integral e capacitación profesional do alumnado.

Tanto o desenvolvemento da personalidade dos nosos estudantes como a mellor adecuación das súas normas de convivencia e de responsabilidade -xa persoal, xa colectiva- han ser as metas que se deben conseguir.

En consecuencia, faremos do Regulamento colexial unha canle e medio adecuados para conseguir os fins citados; flexibilidade e revisión periódica serán as liñas mestras de dito regulamento.

Ao incorporarse ao Centro, o alumno intégrase nunha comunidade educativa que espera a súa colaboración e lle brinda os medios humanos e materiais de que dispón nun ambiente grato, acoledor e formativo.

A Dirección é a máxima autoridade no que se refire á disciplina e á dirección pedagóxica e cultural do Centro. Todos os alumnos deben cumprir as normas emanadas da mesma.

A primeira obriga do alumno é o estudo. A aplicación responsable a esta tarefa e un rendemento suficiente e conforme á aptitude de cada un son condicións indispensables para seguir no Centro.

Todas as materias dos planos de estudos deben ser consideradas con interese e dedicación, dada a transcendencia que teñen para a formación completa e para o futuro profesional e humano do educando.

O alumno ha de conceder suma importancia tanto ás ensinanzas concretas teóricas e prácticas como ás actividades complementarias que se organicen: cursos, conferencias, viaxes de estudos, visitas culturais, etc., que completen a súa formación.

O resultado deste traballo persoal, xunto ás notas, asistencia e conduta, fanse constar nos boletíns de avaliacións propias de cada alumno que periodicamente se envían. Os pais deberán asinalos e devolvelos no menor prazo posible ao Centro.

Os alumnos que deban repetir curso poderán facelo, sempre que haxa posibilidade de admitilos.

13.2.1. Representación e participación do alumnado

É criterio educativo do Centro Liceo La Paz que os seus alumnos participen progresivamente no funcionamento da vida do Centro, segundo a súa idade e estudos, mediante iniciativas e tarefas de responsabilidade e representación, que son o complemento necesario dun respecto intelixente ás normas obxectivas e ás disposicións dos superiores.

A nosa meta é conseguir a responsabilidade de todo o alumnado, en orde a lograr un ambiente propicio para o estudo e demais actividades formativas.

13.2.2. Entradas e saídas do Centro

As entradas dos alumnos realizaranse puntualmente cando soe o sinal de entrada. Cinco minutos despois da hora pecharase a porta de acceso para os alumnos, non permitíndose a entrada daqueles que cheguen tarde, agás xustificación, ata a seguinte hora.

Prohíbese a todos os alumnos do Centro a saída nos tempos de lecer, horas libres de clase, períodos de descanso para mediopensionistas e, en xeral, en todos aqueles momentos que non sexan as saídas oficiais da xornada de mañá e tarde.

13.2.3. Entrada e saída de clases

Cinco minutos antes da entrada o profesor que teña clase abrirá a porta e esperará ós alumnos velando por un comportamento axeitado dos mesmos. Os alumnos pasarán ás aulas ordenadamente, evitando as aglomeracións ou calquera outro tipo de desorde. Á saída das clases debe facerse tamén ordenadamente, sendo o profesor o último en abandonar a aula.

O alumno debe permanecer na aula durante os minutos que median entre unha clase e a seguinte, permitíndose unicamente as saídas autorizadas polo profesor entrante.

13.2.4. Comportamento no Centro

Intentamos que a nosa convivencia se fundamente no respecto mutuo, polo tanto:

- Esixíranse vocabulario e ademáns correctos a todos os nosos alumnos,

tanto dentro como fóra da aula, así como o máximo respecto entre compañeiros e ao resto das persoas que forman a comunidade escolar.

- Non se permitirá aos alumnos correr, gritar ou xogar nos corredores, escaleiras e especialmente nas aulas.
- Cada alumno terá o seu sitio asignado dentro da aula.

13.2.5. Comportamento durante as clases

- O alumno observará unha conducta intachable e unha atención adecuadas ás explicacións do profesor.
- As faltas leves de comportamento nas clases non motivarán a expulsión do alumno que as cometa, pero o profesor sancionará esas faltas coa amoestación adecuada consignándoas no parte de asistencia.
- Á 3ª falta leve, o profesor poderá expulsar da clase ao alumno.
- A expulsión de clase será a sanción correspondente ás faltas graves de orde. O profesor consignará a expulsión no parte especial, expoñendo nel a natureza da falta que motiva a expulsión.
- Os alumnos expulsados de clase acudirán inmediatamente á Xefatura de Estudos, que os enviará durante o tempo que dure a clase á aula que se destine para estes casos.

13.2.6. Asistencia a clase

- A asistencia a clase é obrigatoria; os alumnos non deben faltar á mesma a non ser por enfermidade ou por outra causa moi xustificada.
- As faltas de asistencia deberán ser xustificadas por unha nota familiar ou certificado médico no momento en que, despois de ter faltado, o alumno se incorpore a clase. A nota de xustificación quedará grampada no parte.
- Se o titor ou algún profesor considerase dubidosa a xustificación presentada polo alumno, deberán ser os pais ou titores do mesmo os que persoalmente xustifiquen dita falta a solicitude do profesor.
- Os alumnos maiores de idade (que tamén teñen a obriga de asistir a todas as clases por ser alumnos adscritos ao ensino homologado) xustificarán por escrito a súa falta de asistencia a clase. Se o alumno maior de idade convive con seus pais, dependendo economicamente deles, o titor comunicarlles aos mesmos as faltas de asistencia do alumno.

- Se as faltas de asistencia foran reiteradas e non foran xustificadas, o alumno poderá sufrir a perda de escolaridade.
- Faise constar aos alumnos e pais que non se admitirán xustificacións das faltas de asistencia ás clases anteriores ás dun control ou exame, coa desculpa de permanecer fóra da aula o alumno estudando. Isto carrexaría desaxuste no coñecemento dos programas doutras materias, sendo un prexuízo para o alumno. Polo tanto, esta actitude privará ao alumno de presentarse a dita proba ou control.
- Ningún profesor permitirá a asistencia a clase ao alumno que teña faltas de asistencia sen xustificar.
- En cada clase o profesor redactará o parte de asistencia. Nel figurarán os alumnos que faltaran a clase. O alumno delegado de curso encargárase de pasar o parte ao titor.
- Os alumnos incorporaranse ao Centro nas datas establecidas.
- Agás casos urxentes e imprevistos, procurarán as familias non dispensar aos seus fillos da asistencia ás clases, sen previa conformidade coa Dirección.
- Non se realizará ningunha proba de promoción ou suficiencia fóra do calendario establecido.
- O profesor-titor, de acordo co establecido nas disposicións vixentes, é o encargado de comunicar aos pais ou titores legais dos alumnos as faltas de asistencia, así como todas as incidencias que o profesor reflecta no parte de clase.

13.2.7. Uniformidade

A uniformidade é obrigatoria para todos os alumnos e alumnas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Non se permitirá o uso de ningunha outra prenda que diferencie a ningún alumno por razón de raza, sexo ou relixión.

A uniformidade deberá conservarse en perfecto estado de uso e unicamente se permitirá a utilización de prendas regulamentarias que facilitará o propio Centro ou as entidades ou casas comerciais que a Dirección do Centro designe.

Terase a previsión suficiente para un posible cambio de roupa por calquera incidente inesperado

13.2.8. Sobre o uso do tabaco no Centro

Seguindo a legalidade vixente, o tabaco está totalmente prohibido en todas as dependencias do Centro e nas proximidades do mesmo.

13.2.9. Limpeza e mantemento

Dado que o Liceo "La Paz" é un centro que dá cabida a varios centenaes de estudantes, a limpeza e mantemento correcto ha de ser tarefa de todos e labor admitido de bo grao. En consecuencia, esixirase unha completa e total pulcritude de todos os membros da comunidade educativa.

Temos entre todos que facer un Centro cómodo e agradable. Que a nosa máxima neste campo sexa limpeza, orde e hixiene xerais en todos os aspectos, exercendo unha atención especial para manter limpas, entre todos, as diversas instalacións escolares (aulas, corredores, campos de deportes, etc.)

O coidado e conservación das aulas e material é responsabilidade de todos, incluídos os alumnos. Todos deben aprender a responsabilizarse de cada aula, coidando que non quede aberta nos recreos e fin de xornada, así como de comunicar os danos á Secretaría do Centro, xa que serán reparados a expensas daqueles que os causasen, sexa unha persoa determinada ou o colectivo da clase.

13.2.10. Estudos

Nas horas e locais de estudo cada alumno disporá dun lugar fixo, do que non debe ausentarse sen permiso.

O estudo require un ambiente de concentración e silencio no que cada un procurará non molestar aos demais con movementos innecesarios ou ruídos inoportunos.

Cada alumno ten ao seu cargo a orde e conservación do material e mobiliario que lle estean confiados.

13.2.11. Recreos

Os recreos son tempos de descanso e de lecer, á vez que un acto e ocasión de convivencia; por iso nas aulas de recreo e lugares de expansión debe observarse un comportamento correcto nun ambiente de cordialidade, alegría e compañeirismo.

Os alumnos coidarán especialmente do respecto ás instalacións, dependencias e xardíns dos lugares designados para expansión e recreo, así como da orde e conservación do mobiliario e material dos mesmos.

13.2.12. Actos colectivos

Os actos colectivos da vida do Centro (cine, conferencias, actos académicos,

conmemorativos, etc.), teñen unha finalidade eminentemente formativa e así han de ser estimados polos alumnos aos que se dirixan.

Nestas actividades o alumno debe manifestar a máis extremada corrección gardando a orde debida, acollendo con cortesía aos invitados e prestando a atención debida, sen molestar aos demais con xestos, palabras ou accións inoportunas.

13.2.13. Actividades de formación deportiva

O departamento de Educación Física, de acordo coa Dirección do Centro, confeccionará o programa de competicións e actividades deportivas para cada curso, de modo que non haxa interferencias coas demais actividades deportivas ou docentes nin prexudique o rendemento escolar dos alumnos. Este programa revisarase en caso necesario.

O alumno do Centro Liceo "La Paz" ha de ser consciente de que o deporte é un medio de superación persoal e de formación física e moral, participando nas actividades deportivas organizadas polo Centro e estimando como un honor e un compromiso o representalo en competicións con outros Centros.

Xogar limpamente e con entusiasmo, acoller a vitoria con sinxeleza e saber perder con xenerosidade felicitando ao vencedor son mostras de clara deportividade que deben distinguir sempre ao alumnado, actitude na que non debe ser superado por ninguén.

Os alumnos que presencien as competicións deportivas saberán animar ao seu equipo con entusiasmo e nobreza, facendo patente a súa ecuanimidade co equipo contrario e sen menosprezar a ningún dos participantes.

13.2.14. Actividades de formación humana

Ademais das ensinanzas técnicas, científicas e humanísticas incluídas nos programas das diversas ramas de estudos, o Centro Liceo "La Paz" atenderá de maneira sistemática o cultivo dos seguintes aspectos da formación integral humana:

- Relixioso - Moral
- Cívico - Social
- Físico - Deportivo
- Cultural – Estético

13.2.15. Actividades complementarias

Durante o tempo de lecer, organizaranse, con independencia das actividades formativas de todo tipo programadas para o curso, unha serie de actividades complementarias, ás que poderán asistir todos os alumnos, nas condicións que para cada caso se fixen. Estas actividades consisten en:

- Viaxes de estudos, culturais e recreativos.
- Excursións.
- Asistencia a diversas actividades que se convoquen, os sábados e domingos.
- Participación en Competicións Deportivas, etc.

13.2.16. Círculo deportivo recreativo e cultural do Centro

O Círculo Deportivo, Recreativo e Cultural, enmarcado nos fins e ideais do Centro, ten por obxectivo ocupar o tempo libre e completar a formación integral de todos os alumnos, propiciando e fomentando as actividades deportivas, recreativas e culturais necesarias, que terán a consideración de actividades extraescolares.

Ao longo de todo o curso escolar -en horario compatible coas tarefas lectivas-, máis dunha vintena de posibilidades ofrece o Círculo á comunidade colexial, entre as que destacan as seguintes:

Xadrez, Arbitraxe, Artes Plásticas, Aula de Chino, Baile tradicional, Ballet Clásico, Baloncesto, Balonmán, Club de Debate, Contacontos, Danza Española, Dibuplástica, Estimulación da linguaxe oral, Fotografía, Futbito, Fútbol, Ximnasia Rítmica, Hóckey, Judo, Alemán, Labores, Música, Pandeireta, Patinaxe Artístico, Percusión, Prensa e Vídeo, Reciclaxe e Medioambiente , Rhymes and Songs, Robótica, Taller de Creatividade, Taller de Maxia, Teatro, Francés, Voleibol, etc.

14. COMISIÓN DE DISCIPLINA

O Consello Escolar, nos niveis concertados, establecerá unha comisión encargada de velar polo cumprimento das normas de convivencia, que estará composta polos seguintes estamentos:

- Director Técnico ou Pedagógico.
- Xefe de Estudos.
- Dous pais designados polo Consello Escolar.
- Dous profesores designados polo Consello Escolar.
- Dous alumnos designados polo Consello Escolar.

Nos niveis non concertados será o Consello de Disciplina o que velará polo cumprimento destas normas e estará composto por:

- Director Técnico ou Pedagógico.
- Xefe de Estudos.
- Titor do curso de que se trate.
- Dous representante dos Pais dos alumnos.
- Dous representante dos Profesores do curso do que se trate.
- Delegado e o Subdelegado do curso en representación dos alumnos.

VIII. PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. MARCO LEGAL

O marco legal de referencia no que queda inscrito o Proxecto Lingüístico de Centro ven dado por:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.(DOG 25 de maio de 2010)
- Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010/2011. (DOG 6 de xullo de 2010)
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. (DOG 20 de maio de 2011)
- ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. (DOG 20 de maio de 2011)

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O Centro está situado na zona chamada Matogrande. As áreas máis próximas a el son: Eirís, Monelos e Elviña, o propio barrio de Matogrande e o de Xuxán, de nova creación.

A meirande parte do alumnado matriculado no Centro son da propia contorna e proceden dos barrios e zona indicados anteriormente. De todos os xeitos, este alumnado procede, tamén, de diferentes barrios da Coruña e mesmo da área metropolitana, xa que a entidade dispón de transporte escolar, facilitando a presenza, no mesmo, daquel alumnado máis afastado do colexio.

O nivel socioeconómico dos alumnos é medio, con pais dedicados ao exercicio libre da profesión, funcionarios, empresarios e empregados por conta allea. Todos eles teñen un gran interese por proporcionar os seus fillos unha formación sólida e que inclúa o dominio de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Debuxamos como máis relevante un contexto sociolingüístico do alumnado do centro que ten como lingua habitual e familiar nas súas interaccións o castelán nun 50%, seguido

dos que usan máis castelán ca galego (20%), as dúas linguas por igual (20%), só galego (7, %), máis galego ca castelán (3%).

O profesorado non ofrece un perfil lingüístico definido, aínda que nas relacións do centro empregase maioritariamente o uso da lingua castelá, con variables cando as relacións se realizan en situacións non docentes ou fóra do centro educativo.

Hai outras variables que poden axudar a comprender a realidade sociolingüística do centro:

- A porcentaxe de alumnado inmigrante no centro procede principalmente doutras comunidades autónomas do Estado Español e de países suramericanos.
- A lingua falada no ámbito familiar deste alumnado é o castelán.
- A competencia en galego deste alumnado é moi baixa nos primeiros anos.

No centro impártense todas as etapas que conforman o sistema educativo:

- 15 unidades 2º Ciclo de Ed. Infantil
- 30 unidades de Ed. Primaria
- 16 unidades de Ed. Secundaria
- 8 unidades de Bacharelato
- Ciclos formativos

O Centro Plurilingüe Liceo La Paz mantén unha aposta decidida por formar aos seus alumnos na pluralidade lingüística desde as súas orixes. Cremos que os Centros Plurilingües son un paso adiante cara a atender a diversificación lingüística e cultural de Europa, a cooperación entre Estados, a mobilidade profesional, a participación nos programas educativos europeos e a intensificación dos intercambios escolares e universitarios. O ensino plurilingüe desenvolve capacidades de educación lingüística útiles, á súa vez, para aprender outras linguas, tanto a nivel fonético como a nivel de léxico e de sintaxe. Igualmente, permite desenvolver as competencias xerais de aprendizaxe, representa a vía natural para acceder aos estudos universitarios noutros países e favorece a apertura cultural que tanta importancia ten na formación do cidadán do futuro.

3. OBXECTIVO

O obxectivo principal deste Proxecto Lingüístico é garantir, ao rematar o período de escolarización obrigatoria, a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) e a adquisición dun coñecemento efectivo nunha lingua estranxeira (inglés).

3.1. Obxectivos para o profesorado

- Mellorar, mediante un proceso de formación continua, o nivel de dominio do inglés
- Combinar na práctica docente do centro o uso das linguas vernáculas e estranxeira.
- Desenvolver o interese pola formación/reciclaxe en linguas como instrumento necesario para o desenvolvemento do noso labor docente.
- Crear un equipo (Comisión Lingüística) no que estean representadas todas as linguas consideradas no Proxecto.
- Potenciar o uso do galego e do inglés dentro e fóra da aula.
- Coñecer e utilizar as novas tecnoloxías aplicadas á comunicación no ensino de linguas.
- Empregar diferentes recursos e estratexias para motivar os alumnos durante o proceso de aprendizaxe.
- Planificar actividades que favorezan e reforcen a aprendizaxe das linguas.

3.2. Obxectivos para o alumnado

- Coñecer e usar axeitadamente as linguas galega, inglesa e castelá, de forma oral escrita, adquirindo, progresivamente ao longo da súa educación, a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.
- Valorar a aprendizaxe de distintas linguas e o seu progresivo dominio dun modo significativo.
- Valorar a riqueza que supón o plurilingüísimo.
- Aumentar o uso do galego e do inglés dentro e fóra da aula.

3.2.1. Obxectivos específicos para o terceiro ciclo de Educación Primaria en educación plurilingüe

- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva tanto en L1 como en L2.
- Reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na área de coñecemento do medio, así como a adquisición da terminoloxía específica.
- Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo, responsable e solidario, valorando as achegas propias e alleas en función de obxectivos comúns e respectando os principios básicos do funcionamento democrático tanto en L1 (galego) como en L2 (inglés).
- Facer consciente ao alumnado da importancia do inglés en todos os campos.
- Favorecer a espontaneidade e fluidez da utilización do inglés nun entorno “natural”.
- Fomentar o emprego do inglés como vehículo de comunicación fóra da clase de lingua inglesa.
- Fomentar a interdisciplinaridade.
- Desenvolver o interese por coñecer outras culturas diferentes.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente diferentes

4. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este Proxecto Lingüístico é de aplicación nos niveis concertados impartidos no Centro:

- Educación Infantil (15 unidades)
- Educación Primaria (30 unidades)
- Educación Secundaria (16 unidades)
- Bacharelato (8 unidades)
- Ciclos Formativos

5. O PROXECTO LINGÜÍSTICO

5.1. Educación Infantil

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado. A lingua materna do 87,2% dos nosos alumnos/as do segundo ciclo da educación infantil é o castelán, segundo reflicten os resultados da pregunta efectuada aos pais, nais, titores/as ou representantes legais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua do seu fillo ou filla. Sendo o castelán a lingua materna predominante usarase como vehicular en todo o ciclo e, de xeito individualizado, terase en conta a lingua materna de cada alumno.

O profesorado procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

Introduciremos o coñecemento das dúas linguas a través das seguintes estratexias e actividades:

- Establecer situacións de comunicación verbal nas dúas linguas.
- Animar aos alumnos para que se expresen tamén en galego a través de frases sinxelas.
- Emprego de estímulos afectivos que reporten satisfacción pola súa participación.
- Introducción do vocabulario básico relacionado con cada unidade didáctica.
- Achegamento á literatura infantil comprendendo, reproducindo e recreando textos sinxelos de contos clásicos e de poemas literarios, espertando actitudes de valoración e interese cara a eles.
- Facer uso da biblioteca como fonte de diversión e información.
- Iniciación no sexto nivel ao uso das dúas linguas na lectura e escrita de palabras e á súa valoración como medio de comunicación.
- Identificación do galego como lingua propia de Galicia, a través de distintas actividades que os acheguen ao coñecemento e identificación co seu lugar de orixe.
- Uso de distintos soportes das novas tecnoloxías como medios de información e comunicación.

Todas estas actividades traballaranse ao longo do curso en cada unha das unidades didácticas programadas e no marco dunha perspectiva globalizadora, principio básico da metodoloxía na educación infantil.

Así mesmo, o alumnado contará cunha hora semanal de lingua estranxeira na que o profesorado especialista procurará que aqueles sexan capaces de entender mensaxes axeitadas á súa idade e desenvolvemento cognitivo en contextos de comunicación (ordes sinxelas, contos e historietas breves, classroom language, respostas a preguntas contextualizadas do profesor...).

5.2. Educación Primaria e Educación Secundaria

Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Desde o curso 2007-2008, no que o Centro decidiu participar no Plan de Seccións Bilingües, fóronse solicitando a autorización de distintas seccións bilingües nas que se imparte o 50% da materia en galego e o outro 50% en inglés.

Na actualidade, coa LOMLOE, as materias plurilingües en Educación Primaria son:

NIVEL	CURSO	MATERIA
Primaria	1º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música
Primaria	2º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música
Primaria	3º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música
Primaria	4º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música
Primaria	5º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música
Primaria	6º	Ciencias Sociais, Educación Física e Música

En secundaria, pertencen ás seccións bilingües:

NIVEL	CURSO	MATERIA
Secundaria	1º	Educación Física, Tecnoloxía e Dixitalización
Secundaria	2º	Educación Física , Tecnoloxía e Dixitalización
Secundaria	3º	Educación Física , Música
Secundaria	4º	Educación Física , Dixitalización

- Lograr un coñecemento profundo da lingua castelá, galega e inglesa de xeito natural e desde os primeiros momentos da aprendizaxe.
- Conseguir o dominio das dúas linguas oficiais de Galicia ao finalizar a etapa.
- Lograr o dominio das catro habilidades que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: falar, escribir, ler e escoitar.
- Adquirir unha competencia similar á da lingua materna no idioma inglés por parte dos alumnos, que serán capaces de usar unha ou outra lingua en calquera circunstancia con parecida eficacia.
- Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan á sociedade dos países de cultura anglosaxoa.
- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través do uso da lingua inglesa, facendo posible o achegamento entre os cidadáns da Unión Europea e dos doutros continentes.

5.3. Bacharelato

Garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartíranse no idioma de referencia (castelán, inglés, galego, francés). No resto das materias preténdese utilizar as dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma repartidas ao 50%.

No curso 2024-2025 non se implantou o plurilingüismo, polo que a única materia impartida en lingua inglesa é Lingua Estranxeira (Inglés).

5.4. Ciclos formativos

Na Formación Profesional, estableceuse unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe nos módulos que se imparten en cada ciclo.

6. ACTIVIDADES

6.1. Actividades comúns

- Lecturas obrigatorias.
- Encontros con autores de libros lidos polo alumnado.
- Exposicións levadas a cabo con material propio do alumnado.
- Organización das festas tradicionais: Magosto, Samaín (cabazas para

debuxar, pintar ou naturais para tallar), Nadal (panxoliñas para aprender nunha interconexión entre música-galego-titorías) , Entroido (textos sobre o entroido, disfraces...), Halloween, Thanksgiving...

- Campaña de animación á lectura: o libro viaxeiro, creación de bibliotecas de aula, difusión das novidades editoriais...
- Visitas a museos históricos, etnográficos...
- Preparación do Día das Letras Galegas.
- Rotulación da vida escolar: Aulas, corredores, administración...
- Potenciar a actividade teatral en Educación Primaria e ESO.
- Recuperar os xogos populares.

6.2. Actividades fóra da aula

6.2.1. Lingua inglesa

- Contacontos en inglés de 4º EI a 2º EP.
- Teatro de 3º EP a 2º Bacharelato.
- Programas de inmersión en países de fala inglesa (Reino Unido e Canadá).

6.2.2. Lingua Galega

- Teatro.
- Participación no certame literario de Coca-Cola.
- Visita á Real Academia Galega.
- Visualización de películas e documentais.
- Certame de narrativa.
- Revista escolar *Entérate*.

6.2.3. Lingua Castelá

- Teatro.
- Participación no certame literario de Coca-Cola.
- Visualización de películas e documentais.
- Revista escolar *Entérate*.

7. DISTRIBUCIÓN HORARIA

• EDUCACIÓN INFANTIL

	Galego	Castelán	Inglés
4º Ed. Infantil	- Linguaxe, comunicación e representación (10 h.)	- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (3 h.) - Coñecemento do contorno (5 h.)	- Lingua Estranxeira (3h.) - Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (2 h.) - Linguaxe, comunicación e representación (2 h.)
5º Ed. Infantil	- Linguaxe, comunicación e representación (10 h.)	- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (3 h.) - Coñecemento do contorno (5 h.)	- Lingua Estranxeira (3h.) - Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (2 h.) - Linguaxe, comunicación e representación (2 h.)
6º Ed. Infantil	- Linguaxe, comunicación e representación (10 h.)	- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (3 h.) - Coñecemento do contorno (5 h.)	- Lingua Estranxeira (3h.) - Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal (2 h.) - Linguaxe, comunicación e representación (2 h.)

• EDUCACIÓN PRIMARIA

	Galego	Castelán	Inglés
1º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Ciencias naturais (3h) - Educación Artística (1h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h)	- Ciencias Sociais (2h) - Ed. Física (2h) - Lingua Estranxeira (2h) - Música e Danza(1h)
2º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Ciencias naturais (2h) - Educación Artística (1h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h)	- Ciencias Sociais (2h) - Ed. Física (2h) - Lingua Estranxeira (2h) - Música e Danza(1h)
3º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Educación Artística (1h) - Ciencias Naturais (2h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h)	- Ciencias sociais (3h) - Ed. Física (2h) - Lingua Estranxeira (3h) - Música e Danza (1h)
4º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Ciencias naturais (2h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h) - Educación Artística (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h)	- Ciencias Naturais (2h) - Ed. Física (2h) - Lingua Estranxeira (3h) - Música e Danza(1h)
5º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Ciencias naturais (2h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h) - Educación Artística (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (5h)	- Ciencias sociais (2h) - Lingua Estranxeira (3h) - Música e Danza (1h) - Ed. Física (2h)
6º Ed. Primaria	- Lingua e Literatura Galega (4 h) - Ciencias naturais (3h) - Educación Artística (2h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h) - Educación en Valores Cívicos e Éticos (1h)	- Inglés (3h) - Ed. Física (2h) - Ciencias sociais (2h) - Música (1h)

• EDUCACIÓN SECUNDARIA

	Galego	Castelán	Inglés
1º Ed. Secundaria	- Ciencias da Natureza (2h) - Ciencias Sociais (3h) - Ed. Física (1h) - Lingua Galega e Literatura (4h)	- Lingua Castelá (4h) - Matemáticas (4h) - Ed. Plástica e Visual (2h) - Relixión // Proxecto Competencial (1h)	- Tecnoloxía e Dixitalización (3h) - Ed. Física (1h) - Lingua Estranxeira (4h)
2º Ed. Secundaria	- Ciencias da Natureza (3h) - Ciencias Sociais (3h) - Lingua Galega e Literatura (3h)	- Lingua Castelá (3h) - Matemáticas (4h) - Relixión / Proxecto Competencial (1h) - Física e química (2h)	- Ed. Física (2h) - Lingua Estranxeira (4h) - Música (2h) - Tecnoloxía e Dixitalización (3h)
3º Ed. Secundaria	- Bioloxía e Xeoloxía (2h) - Ciencias Sociais (3h) - Lingua e Literatura Galega (3h)	- Lingua Castelá (3h) - Matemáticas (4h) - Ed. Plástica e Visual (2h) - Física e Química (2h) - Educación Dixital (2h) - Relixión / Proxecto Competencial(1h)	- Lingua Estranxeira (4h) - Música (2h) - Ed. Física (2h)
4º Ed. Secundaria	- Lingua e Literatura Galega (3h) - Bioloxía e Xeoloxía (3h) - Ciencias Sociais (3h)	- Lingua Castelá (3h) - Matemáticas (4h) - Ed. Plástica e Visual (3h) - Física e Química (3h) - Música (3h) - Ética (3h) - Economía(3h) - Relixión//Proxecto Competencial (1h) - TIC(1h e 30m) - Latín (3h)	- Lingua Estranxeira (4h) - Dixitalización (3h) - Ed. Física (2h)

• BACHARELATO

	Galego	Castelán	Inglés
1º Curso	- Lingua Galega e Literatura (3h) - Bioloxía e Xeoloxía (4h) - Ciencias M C (2h) - Filosofía e Cidadanía (2h) - Debuxo Artístico (4h) - Cultura Audiovisual (4h) - Historia do M C (4h) - Educación Física (2h) - Relixión/MDC (1h)	- Lingua Castelá e Literatura(3h) - Física e Química (4h) - Matemáticas I (4h) - Debuxo Técnico (4h) - Latín (4h) - Grego (4h) - Matemáticas aplicadas ás CCSS (4h) - Economía (4h) - Literatura Universal (3h)	- Lingua Estranxeira (3h)
2º Curso	- Xeografía (4h) - Historia de España (3h) - Historia da Filosofía (3h) - Lingua Galega e Literatura (3h) - Grego (4h) - Bioloxía (4h) - Tecnoloxía e Enxeñería (4h) - Debuxo Artístico (4h) - Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica (4h) - Relixión/MDC(1h) - Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia (4h)	- Física (4h) - Química (4h) - Matemáticas II (4h) - Debuxo Técnico(4h) - Latín (4h) - Matemáticas Aplicadas ás CCSS (4h) - Historia da Arte (4h) - Economía da Empresa (4h) - Deseño (4h) - Métodos Estatísticos e Numéricos (4h) - Lingua Castelá e Literatura (3h) - Física e Química (4h) - Matemáticas I (4h) - Debuxo Técnico (4h) - Latín (4h) - Grego (4h) - Matemáticas aplicadas ás CCSS (4h) - Economía (4h)	- Lingua Estranxeira (3h)

- CICLOS FORMATIVOS

EMERXENCIAS SANITARIAS	Idioma
MP0052: Mantemento mecánico preventivo do vehículo	Castelán
MP0053: Loxística sanitaria en emerxencias	Galego
MP0054: Dotación sanitaria	Galego
MP0055: Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencias	Castelán
MP0058: Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia	Galego
MP0060: Teleemerxencias	Castelán
MP0061: Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	Galego
MP0062: Formación e orientación laboral	Castelán
MP0056: Atención sanitaria especial en situacións de emerxencias	Castelán
MP0057: Evacuación e traslado de pacientes	Galego
MP0059: Plans de emerxencias e dispositivos de riscos previsibles	Galego
MP0063: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán

SISTEMAS MICROINFORMATICOS Y REDES	Idioma
MP0221: montaxe e mantemento de equipos	galego
MP0222: sistemas operativos monoposto	castelán
MP0223: Aplicacións ofimáticas	galego
MP0224: Redes locais	castelán
MP0229: Formación e orientación laboral	galego
MP0224: Sistemas operativos en rede	castelán
MP0226: Seguridade informática	castelán
MP0227: Servizos en rede	Galego
MP0228: Aplicacións web	castelán
MP0230: Empresa e iniciativa emprendedora	galego

GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE	Idioma
MP1340: Formación e orientación laboral	Castelán
MP1334: Guía de bicicleta	Galego
MPI015: Manobras con cordas	Castelán
MPI015: Organización de itinerarios	Galego
MPI015: Técnicas de equitación	Galego
MP1336: Técnicas de natación	Castelán
MP1335: Técnicas de tempo libre	Galego
MP1328: Atención a grupos	Castelán
MP1341: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán
MP1333: Guía de baixa e media montaña	Galego
MP1327: Guía ecuestre	Galego
MP1327: Guía no medio natural acuático	Castelán
MP1337: Socorrismo no medio natural	Castelán

FARMACIA E PARAFARMACIA	Idioma
MP0061: Anatomofisioloxía e patoloxía básicas	Galego
MP0101: Dispensación de produtos farmacéuticos	Galego
MP0103: Operacións básicas de laboratorio	Castelán
MP0104: Formulación maxistral	Castelán
MP0106: Formación e orientación laboral	Castelán
MP0020: Primeiros auxilios	Galego
MP0100: Oficina de farmacia	Castelán
MP0102: Dispensación de produtos parafarmacéuticos	Galego
MP0105: Promoción da saúde	Galego
MP0107: Empresa e iniciativa emprendedora	Galego

COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARIA	Idioma
CM0FOL: Formación e orientación laboral	Castelán
CM0304: Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	Galego
CM0305: Operacións administrativas e documentación sanitaria	Castelán
CM0308: Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	Castelán
CM0RET: Relacións no equipo de traballo	Castelán
CM0310: Técnicas básicas de enfermaría	Galego
CM0311: Técnicas de axuda odontolóxica e estomatolóxica	Castelán

IMAXE PARA O DIAGNÓSTICO E MEDICINA NUCLEAR	Idioma
MP1345: Atención ao/á paciente	Galego
MP1346: Fundamentos físicos e equipamentos	Galego
MP1347: Anatomía pola imaxe	Castelán
MP1348: Protección radiolóxica	Castelán
MP1356: Formación e orientación laboral	Galego
MP1349: Técnicas de radioloxía simple	Castelán
MP1350: Técnicas de radioloxía especial	Castelán
MP1351: Técnicas de tomografía computerizada e ecografía	Galego
MP1352: Técnicas de imaxe por resonancia magnética	Galego
MP1353: Técnicas de imaxe en medicina nuclear	Galego
MP1354: Técnicas de radiofarmacia	Castelán
MP1357: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán
MP1355: Proxecto de imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	Galego
MP1358: Formación en centros de traballo	Castelán

EDUCACION INFANTIL	Idioma
MP0011: Didáctica da educación infantil	Castelán
MP0013: O xogo infantil e a súa metodoloxía	Galego
MP0014: Expresión e comunicación	Galego
MP0015: Desenvolvemento cognitivo e motor	Castelán
MP0021: Formación e orientación laboral	Galego
MP0012: Autonomía persoal e saúde infantil	Castelán
MP0016: Desenvolvemento socioafectivo	Galego
MP0017: Habilidades sociais	Castelán
MP0018: Intervención con familias e atención a menores en risco social	Galego
MP0020: Primeiros auxilios	Castelán
MP0022: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán

ADMINISTRACION Y FINANZAS	Idioma
MP0647: Xestión da documentación xurídica e empresarial	Galego
MP0648: Recursos humanos e responsabilidade social corporativa	Galego
MP0649: Ofimática e proceso da información	Castelán
MP0650: Proceso integral da actividade comercial	Castelán
MP0651: Comunicación e atención á clientela	Galego
MP0658: Formación e orientación laboral	Castelán
MP0652: Xestión de recursos humanos	Galego
MP0653: Xestión financeira	Galego
MP0654: Contabilidade e fiscalidade	Castelán
MP0655: Xestión loxística e comercial	Castelán
MP0656: Simulación empresarial	Castelán

DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA	Idioma
MP0373: Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información	Galego
MP0483: Sistemas informáticos	Galego
MP0484: Bases de datos	Castelán
MP0485: Programación	Castelán
MP0487: Contornos de desenvolvemento	Castelán
MP0493: Formación e orientación laboral	Galego
MP0486: Acceso a Datos	Castelán
MP0488: Desenvolvemento de interfaces	Galego
MP0489: Programación multimedia e dispositivos móbiles	Castelán
MP0490: Programación de servizos e procesos	Galego
MP0491: Sistemas de xestión empresarial	Galego
MP0494: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán

DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB	Idioma
MP0373: Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información	Galego
MP0483: Sistemas informáticos	Galego
MP0484: Bases de datos	Castelán
MP0485: Programación	Castelán
MP0487: Contornos de desenvolvemento	Castelán
MP0612: Desenvolvemento web en contorno cliente	Galego
MP0613: Desenvolvemento web en contorno servidor	Castelán
MP0614: Despregamento de aplicacións web	Galego
MP0615: Deseño de interfaces web	Castelán
MP0618: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán

TRANSPORTE E LOXÍSTICA	Idioma
MP0179: Inglés	Inglés
MP0622: Transporte internacional de mercadorías	Galego
MP0623: Xestión económica e financeira da empresa	Castelán
MP0624: Comercialización do transporte e a loxística	Galego
MP0627: Xestión administrativa do comercio internacional	Castelán
MP0631: Formación e orientación laboral	Galego
MP0621: Xestión administrativa do transporte e a loxística	Castelán
MP0625: Loxística de almacenamento	Galego
MP0626: Loxística de aprovisionamento	Castelán
MP0628: Organización do transporte de viaxeiros	Galego
MP0629: Organización do transporte de mercadorías	Castelán

ENSINANZA E ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA	Idioma
MP1141: Actividades físicodeportivas de implementos	Galego
MP1139: Actividades físicodeportivas individuais	Castelán
MP1145: Formación e orientación laboral	Castelán
MP1143: Metodoloxía do ensino de actividades físicodeportivas	Galego
MP1136: Valoración da condición física e intervención en accidentes	Galego
MP1138: Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística	Castelán
MP1123: Actividades de lecer e tempo libre	Castelán
MP1140: Actividades físicodeportivas de equipo	Galego
MP1142: Actividades físicodeportivas para a inclusión social	Galego
MP1146: Empresa e iniciativa emprendedora	Castelán
MP1124: Dinamización grupal	Galego
MP1137: Planificación da animación sociodeportiva	Galego

8. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

- Continuar a formación do profesorado para que mellore a súa competencia lingüística en inglés co fin de acadar a titulación necesaria que lles permita impartir as materias bilingües e plurilingües. O CPR Plurilingüe Liceo la Paz é centro preparador e examinador dos exames de *Trinity College of London* e da *Universidade de Cambridge*.
- Fomentar, entre o alumnado, o emprego da lingua correspondente en cada aula.
- Fomentar a participación do alumnado nos programas de inmersión lingüística no Reino Unido (ESO) e Canadá (Bacharelato).
- Implementar un plan para inglés para acadar a competencia axeitada ao finalizar o/a alumno/a cada etapa educativa.

9. OBXECTIVOS QUE CÓMPRE DESENVOLVER PARA TRABALLAR AS DISTINTAS COMPETENCIAS BÁSICAS

9.1. Competencia en comunicación lingüística

- A comunicación oral – escrita.
 - Conversar.
 - Dialogar: escoitar e falar.
 - Expresar e interpretar de forma oral e escrita pensamentos.
 - Utilizar códigos de comunicación.
- A representación – interpretación e comprensión da realidade:
 - Adaptar a comunicación ao contexto.
 - Coñecer as regras do sistema da lingua.
 - Desenvolverse en contextos diferentes ao propio.
- A construción e comunicación do coñecemento.
 - Comprender textos literarios.
 - Dar coherencia e cohesión ao discurso.
 - Estructurar o coñecemento.
 - Formular e expresar os propios argumentos dunha maneira convincente e adecuada ó contexto.
 - Realizar intercambios comunicativos.

- Manexar diversas fontes de información.
- Organización e autorregulación do pensamento, das emocións e a conduta:
 - Desfrutar escoitando, lendo o expresándose de xeito oral – escrito.
 - Eliminar estereotipos e expresións sexistas.
 - Formar un xuízo crítico e ético.
 - Facer críticas con espírito construtivo.
 - Usar a comunicación para resolver conflitos.
 - Ter en conta opinións distintas ás propias.

9.2. Tratamento de información e competencia dixital

- Obter información, busca, selección, rexistro e tratamento:
 - Acceder á información utilizando técnicas e estratexias específicas.
 - Dominar e aplicar en distintas situacións e contextos linguaxes específicas básicas.
 - Dominar as pautas de decodificación e transferencia.
 - Aplicar en distintas situacións e contextos os diferentes tipos de información.
 - Manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e hardware.
- Transformar a información en coñecemento:
 - Organizar a información, relacionala, analizala, sintetizala, facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade.
 - Resolver problemas reais de modo eficiente.
 - Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas en función da súa utilidade para acometer tarefas.
 - Comprender e integrar a información nos esquemas previos de coñecemento.
- Comunicar a información:
 - Comunicar a información e os coñecementos.
 - Usar as tecnoloxías da información e a comunicación.
 - Empregar diferentes recursos expresivos.
 - Utilizar as tecnoloxías da información.
 - Xerar producións responsables e creativas.

9.3. Competencia cultural e artística

- Comprensión, coñecemento, apreciación e valoración crítica:

- Ter un coñecemento básico das principais técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas.
- Comprender a evolución do pensamento a través das manifestacións estéticas.
- Apreciar a creatividade implícita na expresión de ideas a través dos diferentes medios artísticos.
- Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural.

- Creación, composición e implicación:

- Dispoñer de habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.
- Empregar algúns dos recursos para realizar creacións propias e a realización de experiencias artísticas compartidas.
- Desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética.

9.4. Competencia para aprender a aprender

-Ter conciencia das propias capacidades e coñecementos:

- Ser consciente das propias capacidades intelectuais, emocionais e físicas.
- Coñecer as propias potencialidades e carencias.
- Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: atención, concentración, memoria, comprensión e expresión lingüística, motivación de logro...

-Xestionar e controlar as propias capacidades e coñecementos:

- Plantexarse preguntas.
- Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles.
- Saber transformar a información en coñecemento propio.
- Ser perseverantes na aprendizaxe.
- Adquirir responsabilidades e compromisos persoais.
- Adquirir confianza en si mesmo e gusto por aprender.

- Manexar de forma eficiente un conxunto de recursos e técnicas de traballo:

- Observar e rexistrar feitos e relacións.
- Ser quen de traballar de xeito cooperativo e mediante proxectos.
- Coñecer e usar diferentes recursos e fontes de información.

10. PLAN DE SECCIÓN BILINGÜE E PROXECTO PLURILINGÜE

10.1. Metodoloxía

A diversidade do alumnado é unha das grandes dificultades ás que temos que enfrontarnos hoxe en día nas aulas. Un dos principais retos de calquera centro de ensino é ser capaz de ofrecer a cada alumno a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa ás diferentes individualidades da clase.

A introdución da comunicación é esencial, do mesmo xeito que o é provocar situacións onde o alumno se vexa obrigado a utilizar o vocabulario adecuado para participar en xogos, realizar un traballo ou responder ás diferentes preguntas que se lle poidan formular.

Levaremos a cabo a actividade docente nun clima que favoreza a comunicación e fomente a participación activa dos alumnos. Débese propiciar un ambiente distendido, froito do respecto de todos ás normas de clase previamente establecidas. Programaremos a secuenciación e gradación das aprendizaxes, de modo que as dificultades non desalenten aos alumnos, enfocando as tarefas de forma que se resalte a utilidade das aprendizaxes como elemento motivador e tendo en conta sempre as características individuais dos alumnos partindo dos seus coñecementos previos. Iso implicará a potenciación do traballo progresivamente autónomo por parte deles. Teremos sempre en conta as características peculiares de cada alumno e de cada grupo de alumnos, as súas diferentes capacidades e os seus distintos ritmos de aprendizaxe, partindo das limitacións individuais e grupais e adaptando as esixencias ás posibilidades de cada un. Iso implicará a adaptación e adecuación dos obxectivos e métodos á realidade concreta dos alumnos. As actividades en grupo, nas que a cooperación, a axuda mutua e a colaboración se fan imprescindibles, deben ser unha das principais formas de traballo.

A acción docente non variará en canto aos contidos e os obxectivos propostos no currículo. Haberá novidades como consecuencia de que a lingua vehicular das materias non lingüísticas seleccionadas para as seccións bilingües serán o galego e o inglés, polo tanto a transmisión da información, así como as propostas de traballo aos alumnos se farán en galego ou en inglés. Neste idioma recorrerase, en caso de que sexa necesario; a outras vías de comunicación (xestual, imitación, exemplificacións...) que propicien a comprensión das tarefas a realizar para o normal seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.

En canto ás medidas de atención á diversidade, as programacións didácticas das distintas unidades de aprendizaxe incluírán actividades de reforzo para os alumnos que non consigan os obxectivos mínimos. Para os alumnos nos que o ritmo de aprendizaxe sexa máis rápido que a media do grupo, programaranse actividades de ampliación.

Resumindo, a metodoloxía a utilizar nestas seccións bilingües basearase nos seguintes principios pedagóxicos:

- A metodoloxía basearase na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua.
- Sempre que sexa posible, utilizarase a lingua estranxeira. Cando sexa necesario, recorrerase á lingua materna do alumnado.
- Fomentaranse proxectos/unidades que desenvolvan centros de interese do contorno próximo, das necesidades do alumnado e da expresión dos seus desexos, dando importancia á motivación, á implicación afectiva e ao contexto, así como á conexión cos campos de traballo doutras áreas dun xeito global.
- Os procedementos han de ser comunicativos e interactivos.
- Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción. O papel do/a profesor/a será o de organizador/a e facilitador/a de tarefas.
- Elaboraranse actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Será indispensable a organización de traballos multidisciplinares.

Non hai unha metodoloxía nova, senón unha combinación de prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe de linguas como na das áreas non lingüísticas.

10.2. Avaliación

A avaliación de cada materia deberá ser adaptada ao carácter especial da súa ensinanza, tendo en conta que existen dous tipos de contidos a avaliar: os relacionados co currículo da propia materia e os contidos relacionados coa lingua estranxeira.

A avaliación e cualificación dos alumnos na materia non lingüística que intervéñen no Proxecto será responsabilidade directa dos profesores desas materias, coa participación, se é necesario, do profesor ou profesores especialistas en lingua inglesa cos que colabore na aula.

A intervención dos devanditos profesores especialistas en lingua inglesa debe garantir que as eventuais dificultades na expresión ou comprensión da lingua inglesa que poidan manifestar os alumnos non teñan repercusión nas aprendizaxes da propia materia.

Na avaliación a materia debe ter prioridade sobre o idioma. Avaliaranse os coñecementos sobre os contidos: conceptos, procedementos e actitudes.

A corrección lingüística non será avaliable nesta área senón na área de lingua inglesa. Polo tanto, como pauta xeral de avaliación, os aspectos de competencia lingüística simplemente aportarán información para decidir a nota dos alumnos na área de Inglés. A

lingua inglesa será unha ferramenta de comunicación e traballo nas áreas non lingüísticas que interveñen no Proxecto, pero a avaliación da competencia lingüística nas devanditas áreas contemplarase para, de forma coordinada, realizar unha avaliación máis completa da área de Inglés.

10.3. Profesorado

O departamento de lingua inglesa comprometerase á coordinación co profesor ou profesora de área, materia ou módulo non lingüísticos da sección bilingüe, así como ao posible apoio ao alumnado no desenvolvemento de clases de reforzo de idioma.

Haberá un Coordinador/a do proxecto que terá as seguintes funcións:

- Realizar o seguimento e a coordinación do equipo de profesores/as que forman parte do proxecto bilingüe.
- Participar nas tarefas de formación do profesorado.
- Participar na elaboración de materiais específicos.
- Revisar e trasladar ao equipo directivo as programacións iniciais e memorias finais.
- Detección de necesidades en materia de formación distintas materias da sección bilingüe.

O profesorado de áreas, materias ou módulos non lingüísticos participantes na sección bilingüe terá como funcións:

- Participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Elaborar materiais curriculares específicos.
- Elaborar a programación específica ao inicio de cada curso escolar.
- Confeccionar unha memoria final.

A dirección do centro deberá establecer os procedementos que garantan a coordinación semanal das actuacións entre o profesorado que imparte en cada grupo de alumnos/as da sección bilingüe áreas, materias ou módulos non lingüísticos e o de lingua inglesa.

IX. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC (TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN)

1. XUSTIFICACIÓN

Enmarcada nas accións que dispón a lexislación vixente e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluído a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

2. TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL (LOE).

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e socio-laboral. Así mesmo, supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e de hardware que vaian xurdindo. Igualmente, permite aproveitar a información que proporcionan e analízala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornos físicos e sociais cada vez máis amplos, ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos.

En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa, cando fora necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

3. OBXECTIVOS XERAIS

3.1. Centro

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, etc.

- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina web...

3.2. Profesorado

- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a Internet.

3.3. Alumnado

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC

3.4. Comunidade Educativa

- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais do centro, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

X. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Procederáse a valorar a consecución dos obxectivos nas reunións de ciclos, de forma que se poidan ir corrixindo ou readaptando algúns dos aspectos que poidan resultar mellorables.

Ao finalizar o curso, presentarase unha memoria que se incluírá na Memoria Final de Curso.

O profesorado revisará os métodos empregados en cada sesión e unidade didáctica do proxecto para axustalos ás necesidades do alumnado, gustos, preferencias e estilos de aprendizaxe de cada neno/a.

Á súa vez, teranse en conta os resultados obtidos e o nivel de implicación que se consegue por parte do alumnado; un alto nivel de atención e implicación levará a reforzar as técnicas e materiais utilizados; pola contra, se a atención e a implicación son baixas implicará unha revisión das actuacións levadas a cabo.

Anualmente revisaranse tanto os obxectivos como os diferentes planteamentos metodolóxicos deste documento, tendo como referente a mellora continua e a actualización lexislativa que se produce en todos os compoñentes deste Proxecto. Estas medidas de actualización anual levaranse á aprobación do Consello Escolar en sesión ordinaria ao comezo de cada curso.